



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de XULLO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a Elena Espinosa Mangana

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día doce de xullo de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.
A concelleira Sra. Caride Estévez incorpórase á reunión no punto vinte.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, a interventora adxunta, Sra. Gómez Corbal e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(530).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 3 de xullo de 2024 e ordinaria do 5 de xullo de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(531).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE FLORES PARA ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE 1. EXPTE. 18923/101.
Visto o informe xurídico de data 25/06/2024 e o informe de fiscalización do 26/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/06/2024, asinado pola xefa do departamento administrativa da Alcaldía e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos (PD de data 14/06/2024), que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de xullo de 2022 adoptou o acordo de adxudicación a BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) o lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101) por un prezo total do contrato é de 8.959,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 814,50 euros. A empresa propón un prezo unitario unitario de 50,00 euros (IVE incluído) e un incremento do número mínimo de flores esixidas para cada centro:

- Centros para vodas:0 (nº) media ducia de flor.
- Centros para acollementos:1 (nº) media ducia de flor.
- Centros para eventos institucionais: 1 (nº) media ducia de flor.

Todo iso, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Segundo.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 19 de xullo de 2022 e na cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio o 20/07/2022. Están contempladas tres prórrogas de un ano cada unha.

Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de xullo de 2023, acordou a aprobación da primeira prórroga dun ano de duración para o lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do vixente “contrato de subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (expediente 18.923-101)” formalizado coa mercantil BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) polo período comprendido entre os días 20 de xullo do 2023 e 19 de xullo de 2024, ambos os dous incluídos.

Cuarto.- Con data 22 de maio, pola Alcaldía comunícase a BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) a finalización do prazo inicial da primeira prórroga do contrato do lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101) previsto para o día 19 de xullo 2024 e o preaviso da segunda prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, desde o 20 de xullo de 2024 ao 20 de xullo de 2025.

Quinto.- Con data 10 de xuño a empresa BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) acepta e da conformidade á segunda prórroga do LOTE 1 do expediente



Concello de Vigo

18923-101 a través do documento 240168095 anexado no trámite 322 do antedito expediente e presentado a través do Rexistro Electrónico Municipal.

Sexto.- A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

Segundo.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

Con data 22 de maio, pola Alcaldía comunícase a BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) a finalización do prazo inicial da primeira prórroga do contrato do lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101) previsto para o día 19 de xullo 2024, e o preaviso da segunda prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, desde o 20 de xullo de 2024 ao 20 de xullo de 2025.

Quinto.- Con data 10 de xuño a empresa BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) acepta e da conformidade á segunda prórroga do LOTE 1 do expediente 18923-101 a través do documento 240168095 anexado no trámite 322 do antedito expediente e presentado a través do Rexistro Electrónico Municipal.

Cuarto.- Considérase conveniente polos que subscriben, a proposta de prórroga do lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101), polo período comprendido entre os días 20 de xullo do 2024 e 19 de xullo de 2025, ambos os dous incluídos, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactoria e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- O período da prórroga do contrato comprenderá entre os días 20 de xullo do 2024 e 19 de xullo de 2025, ambos os dous incluídos.

Sétimo.- O importe do prezo da prórroga do lote 1 do contrato é de 8.959,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 814,50 euros con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) da Alcaldía. Sendo o cálculo dos importes previstos para 2024 e 2025 os seguintes:

Ano 2024: 4.479,77 € (do 20 de xullo ao 31 de decembro de 2024).

Ano 2025: 4.479,77 € (1 de xaneiro ao 19 de xullo de 2025).

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a segunda prórroga dun ano de duración para o lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do vixente “contrato de subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (expediente 18.923-101)” formalizado coa mercantil BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) polo período comprendido entre os días 20 de xullo do 2024 e 19 de xullo de 2025, ambos os dous incluídos.

Segundo- Autorizar o gasto estimado por un importe total de 8.959,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 814,50 euros a favor de BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) polo lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do vixente “contrato de subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (expediente 18.923-101)” e sendo os importes previstos para os anos 2024 e 2025 os seguintes:

Ano 2024: 4.479,77 € (do 20 de xullo ao 31 de decembro de 2024).

Ano 2025: 4.479,77 € (1 de xaneiro ao 19 de xullo de 2025).

Terceiro.- Adoptado o acordo, deberá de notificarse á empresa BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) adxudicataria indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.



Concello de Vigo

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(532).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXENCIA INFORMATIVA DE NOVAS E ALERTAS EN TEMPO REAL. EXPTE. 19515/101.

Visto o informe xurídico de data 25/06/2024 e o informe de fiscalización do 27/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/06/2024, asinado pola xefa do departamento administrativa da Alcaldía e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos (PD de data 14/06/2024), que di o seguinte:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a EUROPA PRESS DELEGACIONES, S.A. o procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19515-101) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 19.151,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.323,88 euros.*
- b) *Propón un incremento do fluxo informativo mínimo esixido na cláusula II.1 do prego de prescrición técnicas particulares:*
 - o *Nivel nacional 200 (nº) noticias a maiores do mínimo esixido no PPT (400 noticias).*
 - o *Nivel internacional 100 (nº) noticias a maiores do mínimo esixido no PPT (100 noticias).*
 - o *Nivel autonómico 40 (nº) noticias a maiores do mínimo esixido no PPT (40 noticias).*
 - o *Nivel local 10 (nº) noticias a maiores do mínimo esixido no PPT (20 noticias).*
- c) *Propón un servizo de información de noticias e alertas en lingua galega.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Segundo.- O contrato entre a mercantil EUROPA PRESS DELEGACIONES, S.A. e o Concello de Vigo formalizouse en documento administrativo en data 28 de xullo de 2023. Na cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio o 29 de xullo de 2023 e a da finalización o 28 de xullo de 2024.

A cláusula cuarta do contrato establece tres prórrogas dun ano de duración cada unha. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo

expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos, tal e como establece o art.29.2 LCSP:

A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

Terceiro.- Con data 22 de maio de 2024, pola Alcaldía comunícase á mercantil EUROPA PRESS DELEGACIONES, S.A., a finalización do prazo inicial do contrato o día 28 de xullo de 2024, e mais o pre-aviso da primeira prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, desde o 29 de xullo de 2024 ao 28 de xullo de 2025, de conformidade co art. 29.2 LCSP.

Cuarto.- A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adjudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

Segundo.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

Con data 22 de maio, pola Alcaldía comunícase a mercantil EUROPA PRESS DELEGACIONES, S.A.: a finalización do prazo inicial do contrato o día 28 de xullo de 2024, e mais o pre-aviso da primeira prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, desde o 29 de xullo de 2024 ao 28 de xullo de 2025, ambos os dous incluídos, de conformidade co art. 29.2 LCSP.

Cuarto.- Considérase conveniente polos que subscriben, a proposta de prórroga do contrato do “Servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real



Concello de Vigo

(19515-101)”, polo período comprendido entre os días 29 de xullo de 2024 ao 28 de xullo de 2025, ambos os dous incluídos, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactoria e cúmplense correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- O período da prórroga do contrato comprenderá entre os días 29 de xullo de 2024 ao 28 de xullo de 2025, ambos os dous incluídos.

Sétimo.- O importe do prezo da prórroga do contrato é de 19.151,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.323,88 euros con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) do orzamento de Alcaldía para os anos 2024 e 2025, o a súa bolsa de vinculación.

Sendo o cálculo dos importes previstos para 2024 e 2025 os seguintes:

Ano 2024: 7.979,95 € ; Ano 2025: 11.171,93 €.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a primeira prórroga dun ano de duración do vixente contrato do “Servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real. (Expediente: 19515-101)” formalizado coa mercantil EUROPA PRESS DELEGACIONES, S.A. polo período comprendido entre os días 29 de xullo de 2024 ao 28 de xullo de 2025, ambos os dous incluídos.

Segundo- Autorizar un gasto estimado por un importe total de 19.151,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.323,88 euros a favor EUROPA PRESSDELEGACIONES, S.A. con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) do orzamento de Alcaldía para os anos 2024 e 2025, o a súa bolsa de vinculación.

Sendo o cálculo dos importes previstos para 2024 e 2025 os seguintes: Ano 2024: 7.979,95 €; e ano 2025: 11.171,93 €.

Terceiro.- Adoptado o acordo, deberá de notificarse á empresa adxudicataria EUROPA PRESS DELEGACIONES, S.A. indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(533).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN ESPAÑA CON ACNUR PARA O PROXECTO "PROTECCIÓN E AXUDA DE EMERXENCIA PARA A POBLACIÓN REFUXIADA EN CHAD A CAUSA DO CONFLITO EN SUDÁN" ANO 2024. EXPTE. 266424/301.

Visto o informe de fiscalización do 05/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/06/2024, asinado pola xefe da Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En data 12.06.2024 (Doc. nº 240174726) o representante da Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento dun proxecto humanitario de protección e axuda de emerxencia para a poboación refuxiada en Chad a causa do conflito en Sudán.

I.2. Achegouse tamén (ou consta xa en poder desta Administración) toda a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Memoria xustificativa/Proxecto, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 17.06.2024, a Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución da subvención a favor da Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención internacional sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 novembro de 1989.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).



Concello de Vigo

- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.1/2023, do 20 de febreiro, de 20 de febrero, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.794/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDlex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. O “Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados” (ACNUR/UNHCR) brinda protección e asistencia ás persoas refuxiadas e desprazadas no mundo. ACNUR foi

creado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e comezou a traballar en 1951. Desde a súa creación ten proporcionado asistencia a millóns de persoas refuxiadas e desprazadas en todo o mundo, o que lle valeu o recoñecemento de dous Premios Nobel da Paz, en 1954 e 1981, e o Premio Príncipe de Asturias en 1991.

III.2. A Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) é unha ONGD, constituída o 26.11.1993 e declarada de utilidade pública, que se encarga de difundir a realidade da poboación refuxiada e desprazada de todo o mundo a través de campañas de sensibilización e educación ó desenvolvemento e de recaudar fondos para programas de emerxencia, post-emerxencia e desenvolvemento de ACNUR.

III.3. ACNUR basea o seu mandato na Convención sobre o Estatuto dos Refuxiados de 1951, que ten como obxectivo garantir o exercicio efectivo dos dereitos humanos das persoas refuxiadas e a non repatriación contra a súa vontade a un país onde sufran persecución. O Alto Comisionado axúdalles a repatriarse ó seu país de orixe cando as condicións así o permitan, a integrarse nos países de asilo ou a reasentarse en terceiros países.

III.4. ACNUR leva traballando en Chad desde 1993 coa posta en marcha de operacións humanitarias en favor das persoas refuxiadas e desprazadas e das poboacións de acollida. Segundo se expresa na documentación do proxecto presentado ó Concello de Vigo por ACNUR:

- «...la situación de Sudán es una de las mayores crisis de protección del mundo en la actualidad. En enero de 2024, 7,8 millones de personas habían sido desplazadas por la fuerza. Más de 1,6 millones de personas habían llegado a los países vecinos de la República Centroafricana, Chad, Egipto, Etiopía y Sudán del Sur, incluyendo población refugiada, retornada y nacionales de terceros países, con 6 millones de nuevos desplazados internos dentro de Sudán.
- El conflicto ha interrumpido las cadenas de suministro, ha restringido el acceso humanitario y está provocando una grave inseguridad alimentaria. Casi 25 millones de personas, o la mitad de la población sudanesa, necesitan ayuda humanitaria.
- En el caso concreto de la población sudanesa que ha buscado refugio en países vecinos, la población en el vecino Chad se ha prácticamente duplicado en un año. Las nuevas llegadas desde que se inició la guerra en Sudán ascienden a fecha de 25 de febrero de 2024 a 559.423 personas, lo que hace un total de 942.029 personas refugiadas sudanesas en Chad.
- En los países vecinos de Sudán, se espera que 2,1 millones de refugiadas/os y más de 917.000 retornadas/os necesiten asistencia en 2024. ACNUR también prevé ayudar a 400.000 personas de las comunidades que viven cerca de los asentamientos de población refugiada o como parte de asentamientos integrados.
- Hasta el mes de febrero de 2024, bajo la dirección del Gobierno y de ACNUR, el 48% de las/os refugiadas/os han sido reubicados de los lugares de llegada espontánea a los campos de ampliación y de nueva creación, donde tanto población refugiada como



comunidades de acogida se benefician de los servicios prestados por los equipos humanitarios.

- En esta compleja realidad, es necesario ampliar el alcance de la respuesta para incluir acciones urgentes que puedan contribuir a reducir el impacto sobre las comunidades de acogida en el este de Chad, así como sobre otra población refugiada sudanesa en situación de desplazamiento prolongado, con el fin de salvaguardar la cohesión social entre todos los grupos de población refugiada y de acogida.
- Se calcula que se necesitan 110.000 refugios de emergencia adicionales para albergar a todos la población refugiada que espera ser reubicada en emplazamientos espontáneos cerca de la frontera y a los recién llegados previstos para 2024 (...) Los socios distribuirán artículos domésticos esenciales, como mantas, bidones, utensilios de cocina, colchones, mosquiteras y lámparas solares, para ayudar a los recién llegados y a las personas con necesidades específicas...».

III.5. O obxectivo xeral do proxecto humanitario de ACNUR que se pretende subvencionar é o de contribuir ó proceso de protección internacional da poboación refuxiada sudanesa en Chad asegurando o acceso a servizos de necesidades básicas no contexto da emerxencia.

III.6. O seu obxectivo específico é fornecer a 500 familias refuxiadas de artigos non alimentarios e kits de refuxio de emerxencia (ESK) segundo os estándares de protección internacionais.

III.7. O resultado agardado e as actividades previstas descríbense do seguinte xeito:

«Resultado 1: Mejoradas las condiciones de vida de 3.000 personas refugiadas sudanesas en Chad mediante la provisión de artículos básicos de emergencia y kits de refugio de emergencia.

Actividad 1.1 Adquisición, almacenaje, transporte y distribución de artículos no alimentarios de emergencia entre la población refugiada sudanesa en Chad (...) Los artículos alimentarios de emergencia que se distribuirán son de distinta índole, pero concretamente las necesidades actuales se centran en kit de cocina, bidón 10L, mantas térmicas y lámpara solar.

Actividad 1.2 Adquisición, almacenaje, transporte y distribución de kits de refugio de emergencia (ESK) para familias refugiadas sudanesas en Chad. Se calcula que se necesitan 110.000 refugios de emergencia adicionales para albergar a todas las personas refugiadas que esperan a ser reubicadas en emplazamientos espontáneos cerca de la frontera y a los recién llegados previstos para 2024. Las ESK por sus siglas en inglés son kits de refugio transitorio para población que será asentada en ciertas zonas no de tránsito. Es un kit compuesto por: 6 lonas plásticas de 5x4 aproximadamente y hechas de fibras de polietileno negro de alta densidad, con bordes reforzados con sellado térmico, 1 serrucho, 1 martillo, 1 piqueta, 30 metros de cuerda (sisal) y 30 metros de cuerda (nylon), 1 caja de clavos (unos 100 clavos aproximadamente), 12 maderos de 10x2.2x300 y 8 maderos de 7x7x300, 10 clavijas de hierro, 1 cúter».

III.8. A poboación beneficiaria directa do proxecto *«asciende a 500 familias, lo que se traduce aproximadamente en 3.000 personas (ya que la media de miembros de la familia sudanesa es de aproximadamente 6 personas)»*.

III.9. Segundo se reflicte no orzamento presentado, o custo total deste proxecto humanitario estímase en 356.316,73€, que sería financiado nun 2,81% coa achega do Concello de Vigo, nun 16,85% por outros concellos (Tarragona: 11,23%, Terrasa: 2,81% e Martorell: 2,81%) e nun 80,35% por ACNUR e os seus doantes internacionais.

III.10. Nos vixentes orzamentos municipais da Concellería de Política Social está prevista a concesión dunha subvención nominativa a favor de ACNUR por importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (*“Axuda a Acnur”*).

III.11. Esta previsión figura tamén no vixente Plan Estratéxico de Subvencións (PES) 2024-2026 do Concello de Vigo (Liña 1-4: *“Axuda humanitaria”*), aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 08.03.2024 (Exp. nº 277/143). De acordo co PES, os obxectivos estratéxicos que se pretenden lograr con esta subvención son a mellora da calidade de vida da poboación afectada polo conflito armado en Sudán e a atención das súas necesidades vitais básicas. Posibilítase a consecución destes obxectivos mediante o financiamento municipal de proxectos humanitarios como o de ACNUR de promoción e mellora das condicións de vida e de axuda e protección das persoas desprazadas en Chad por causa dese conflito.

III.12. A posibilidade da súa concesión directa á entidade designada nos orzamentos prevese expresamente nos Arts. 22.2.a) da LXS e no Art. 19.4.a) da LSG. Para estes efectos, teñen a consideración de *«subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais»* aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas hoxe na L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que inclúe entre as prioridades da cooperación galega a atención ás situacións de maior pobreza e desigualdade e establece a intervención prioritaria en ámbitos ou sectores como o exercicio dos dereitos sociais básicos polas persoas e os colectivos máis pobres e vulnerables (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico), a igualdade de xénero e o apoderamento e exercicio pleno e integral de dereitos das mulleres e da infancia ou a educación para a cidadanía global.

III.13. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.

III.14. A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios,



Concello de Vigo

crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.15. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.1/2023, do 20 de febreiro, de 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global reconece o importante papel da cooperación das entidades locais no sistema da cooperación española para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global a partir da súa traxectoria e capacidade de xerar alianzas, mobilizar ós actores e as capacidades económicas e sociais e o coñecemento experto, así como o das propias administracións locais, nas áreas nas que gozan de competencias e capacidades, e promover a participación social e a democracia no ámbito local. Sinala tamén que os actores estatais do sistema español de cooperación para o desenvolvemento sostible promoverán a actividade de cooperación dos entes locais e a simplificación de trámites burocráticos para favorecer dito obxectivo e que esta cooperación poderá exercerse tamén a través de fondos municipais de cooperación ou doutras entidades (Art. 37 L.1/2023).

A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional para o desenvolvemento sostible a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 4, 13 e ccdtes. L.1/2023).

- A L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, reconece tamén esa mesma capacidade municipal para intervenir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como “*axentes da cooperación para o desenvolvemento*” (Art. 96.3.a)].
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «*as entidades que integran a Administración Local*» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo

Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.16. O proxecto presentado ó Concello de Vigo pola Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) estaría en coherencia tanto coas políticas de acción humanitaria do Estado («V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021»; Apdo. 1.2. “*Retos de la Cooperación Española*”; subapdo. 1.2.1. “*Retos globales de desarrollo*”) como coas políticas de acción humanitaria da cooperación galega, concretadas no «V Plan Director da Cooperación Galega 2023 – 2026», nos que se recolle como unha das súas orientacións estratéxicas responder ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade.

III.17. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Arts. 133 e 136 LRBRL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.18. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder á Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) unha subvención directa por importe de 10.000€ (DEZ MIL EUROS) para o desenvolvemento do proxecto humanitario: “*Protección y ayuda de emergencia para la población refugiada en Chad a*



Concello de Vigo

causa del conflicto en Sudán”, de acordo coa documentación e a proposta presentadas ó Concello de Vigo que constan nos expedientes de referencia.

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“*Axuda a Acnur*”) dos orzamentos vixentes, a favor da Asociación “España con ACNUR”, CIF G – 80757560.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión.

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerá polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución do proxecto de ACNUR: “*Protección y ayuda de emergencia para la población refugiada en Chad a causa del conflicto en Sudán*”, co que se pretende mellorar a protección internacional e as condicións de vida desta poboación. A intervención prevista é congruente coas liñas estratéxicas definidas no «V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021» e no «V Plan Director da Cooperación Galega 2023 – 2026», nos que se recolle como unha das súas orientacións estratéxicas respostar ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade.

2ª.- *Beneficiarios e modalidades de axuda*: as beneficiarias directas deste proxecto serán 500 familias (=3.000 persoas).

3ª.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“*Axuda a Acnur*”) dos vixentes orzamentos municipais.

4ª.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora (ACNUR), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

5ª.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con

todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do proxecto humanitario de ACNUR, establécese un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente **antes do 01.11.2024** a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá, como comprobantes da recepción e correcta execución dos fondos, os seguintes documentos:

- Informe técnico final.
- Certificado emitido pola entidade solicitante de que o proxecto foi executado na súa totalidade e a consecución de obxectivos.
- Documentación acreditativa do envío dos fondos á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Copia do ingreso da subvención na conta da entidade solicitante.
 - Copia da transferencia bancaria efectuada por parte da entidade solicitante á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Certificado emitido pola entidade solicitante da desagregación da transferencia bancaria efectuada á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Certificado emitido pola entidade solicitante da non existencia de gastos e intereses dos fondos outorgados o tempo que estiveron depositados na conta da entidade solicitante antes de ser transferidos á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
- Documentación acreditativa da recepción dos fondos pola contraparte local (UNHCR/ACNUR).



Concello de Vigo

- Factura expedida por ACNUR/UNHCR, firmada dixitalmente, correspondente ó ingreso recibido.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7ª.- *Protección de datos*: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

8ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención rexerese, ademáis de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións 2024 – 2026 do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(534).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “VETUSTA MORLA+ XOEL LÓPEZ”, DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2024”. EXPTE. 10159/335.

Visto o informe de fiscalización do 05/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista “Vetusta Moral + Xoel López” (10159-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de xullo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “VETUSTA MORLA + XOEL LÓPEZ” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 6 de xuño de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 2 de xullo de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 332.750,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 275.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”. de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.



Concello de Vigo

Segundo.- O 4 de xullo de 2024 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.

Terceiro.- O 4 de xullo de 2024 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 4 de xullo de 2024, reuníronse a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación "*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*".

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP "*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*"

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, onde figura o cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos

licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 4 de xullo de 2024 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista “Vetusta Morla + Xoel López” (10159-335) por un prezo total de 332.750,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 57.750,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(535).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “CORAL CASABLANCA”, DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2024”. EXPTE. 10156/335.

Visto o informe de fiscalización do 09/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/07/2024, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE



Concello de Vigo

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista "Coral Casablanca" (10156-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 5 de xullo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo da "CORAL CASABLANCA" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024".

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 04 de xuño de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 03 de xullo de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 44.165,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 36.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- O 5 de xullo de 2024 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.

Terceiro.- O 6 de xullo de 2024 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O día 8 de xullo de 2024, reuníronse a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación “*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*”.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP “*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*”

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, onde figura o cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 13 de xuño de 2024 de apertura dos sobres A e B.



Concello de Vigo

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista “Coral Casablanca” (10156-335) por un prezo total de 44.165,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.665,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(536).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE ANIMAIS EXTRAVIADOS E ABANDONADOS, ATENCIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS, XESTIÓN DE COLONIAS FELINAS, RESES MOSTRENCAS E OUTROS ANIMAIS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE.16565/306.

Visto o informe de fiscalización do 09/07/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 05/07/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do Centro Municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais de competencia municipal do Concello de Vigo (16565-306)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do Centro Municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais de competencia municipal do Concello de Vigo (16565-306)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de marzo de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de “recollida de animais extraviados e abandonados, atención do centro municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais de competencia municipal do Concello de Vigo”, expte. 16565/306.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, asinado dixitalmente polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 15/02/2024, ao que se lle incorporan catro anexos que se relacionan nos antecedentes deste acordo.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 27/02/2024.

CUARTO.- Autorizar o gasto de 415.843,13 € (IVE 21% engadido) para o ano 2024; sendo o importe do gasto (IVE 21% engadido) de 722.522,10 € para o ano 2025, 740.525,07 € para o ano 2026, 311.859,06 € para o ano 2027 subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con cargo á partida orzamentaria 1721.227.99.07 xestión refuxio animais. O Importe do contrato é de 2.190.749,36 € co IVE do 21% incluído (1.810.536,66 € sen IVE, máis 380.212,70 € correspondentes de IVE).

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 14 de xuño de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 10 de xuño de 2024, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I -FEC- do PCAP (“Ofertas con calidade técnica inadecuada: serán todas aquelas propostas que obteñan unha puntuación do criterio suxeito a xuízo de valor inferior a un 50% (20 puntos) da puntuación máxima. (...) En consecuencia, aquelas ofertas situadas no grupo de calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación”):

1. *ATHISA MEDIO AMBIENTE, S.A.U.*
2. *CENTRO CANINO LA ERIA, S.C.*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do Centro



Concello de Vigo

Municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais de competencia municipal do Concello de Vigo (16565-306) na seguinte orde descendente:

| Orden | Empresas licitadoras | Puntuación total |
|--------------|--|-------------------------|
| 1º | SERVICIOS GALLEGOS DE LACERÍA, S.L. | 92,55 |
| 2º | EULEN, S.A. | 84,19 |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS GALLEGOS DE LACERÍA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS GALLEGOS DE LACERÍA, S.L., o día 14 de xuño de 2024, que presenta a documentación requirida o 26 de xuño de 2024, dentro do prazo concedido e o 4 de xullo, fora do prazo concedido. Con respecto a esta última documentación, presentada fora do prazo concedido, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitila.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil, o apoderamento do seu representante e os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, ATRIGA) e coa Seguridade Social.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (511.174,86 €€), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (511.174,86 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.

- Aval por un importe de 87.177,34 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débeda do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 4 de xullo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SERVICIOS GALLEGOS DE LACERÍA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SERVICIOS GALLEGOS DE LACERÍA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 3 de xuño de 2024 e 11 de xuño de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 10 de xuño de 2024, de ATHISA MEDIO AMBIENTE, S.A.U. e CENTRO CANINO LA ERIA, S.C. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I -FEC- do PCAP (“Ofertas con calidade técnica inadecuada: serán todas aquelas propostas*



Concello de Vigo

que obteñan unha puntuación do criterio suxeito a xuízo de valor inferior a un 50% (20 puntos) da puntuación máxima. (...) En consecuencia, aquelas ofertas situadas no grupo de calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación”).

2. Adxudicar a **SERVICIOS GALLEGOS DE LACERÍA, S.L.** o procedemento aberto para a contratación dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do Centro Municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrenças e outros animais de competencia municipal do Concello de Vigo (16565-306) coas seguintes condicións:
 - a) O prezo total do contrato é de 2.109.691,63 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 366.144,83 € euros.
 - b) O incremento anual do investimento en campañas informativas para o fomento e promoción da adopción por enriba dos 8.500 euros esixidos na cláusula 11.6.1 do PPTP é de 5.000 euros.
 - c) A porcentaxe de incremento anual da dotación mínima para pequenas accións de mantemento da dotación mínima para as pequenas accións de reparación e conservación de material e instalacións por enriba do mínimo esixido para cada un das anualidades (4.000,00 €/4.080,00 €/4.161,60 € (sen IVE) é de 100%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(537).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO SANITARIO ASISTENCIAL DE APOIO Á U.A.D CEDRO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2993/315.

Visto o informe xurídico do 26/06/2024 e o informe de fiscalización do 03/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/07/2024, asinado polo xefe de servizo de CEDRO, o xefe da Área de Benestar Social e o asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 29.04.2024 a Concelleira da Área de Goberno de Política Social e Turismo acordou iniciar o procedemento de contratación do servizo sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO, encomendándolle a tramitación do expediente ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos da Concellería de Política Social, en colaboración co Servizo de Contratación.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo Xefe de Servizo de CEDRO, o Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo o 29.04.2024.
- Memoria económica (última versión) subscrita polo Xefe de Área de Benestar Social o 06.06.2024, conformada pola Concelleira (trámite nº 43).
- Memoria xustificativa do contrato, asinada o 07.06.2024 (trámite nº 44) polo Xefe de Servizo de CEDRO, o Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada.
- Prego de Prescricións Técnicas, asinado o 09.05.2024 polo Xefe de Servizo de CEDRO, o Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada (trámite nº 34).
- Anexo I - Medios materiais (trámite nº 35).
- Informe da Xefa da Área de contratación e novos proxectos do 10.06.2024 (trámite nº 46) sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo, asinado o 10.06.2024 (trámite nº 47) pola Xefa da Área de contratación e novos proxectos.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- Plan anual de contratación do Concello de Vigo (2024).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

III.1. O obxecto deste contrato é a contratación de parte dos servizos da “Unidade Asistencial de Drogodependencias” (UAD) e da “Unidade de Día” (UD) de CEDRO; centro municipal para o tratamento das drogodependencias que ven prestando este servizo desde hai uns 40 anos, cun volume asistencial total no exercicio de 2023 de (980 pacientes). Este elevado volume asistencial imposibilita a atención con medios unicamente municipais, polo que é necesaria a contratación externa de parte do servizo como se ven facendo nos últimos anos.

Os servizos asistenciais a desenvolver son, con carácter xeral, os referenciados no Catálogo de Programas Asistenciais do Plan de Galicia sobre Drogas e Circuito de Asistencia Sanitaria ós Trastornos Adictivos de Galicia e, con carácter específico, os que anualmente se comprometen por adscrición do Concello de Vigo ó Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia,



Concello de Vigo

Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, a Consellería de Sanidade, o SERGAS e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde.

O obxectivo xeral é prestar unha atención multidisciplinar, gratuíta, voluntaria e confidencial, coordinada nas áreas médica, psicolóxica e social, para o tratamento de calquera patoloxía adictiva relacionada co uso de substancias, agás as exclusivamente alcohólicas, abordando as tres etapas diferenciadas do proceso terapéutico: desintoxicación, deshabitación e reinserción.

III.2. O presente contrato figura na planificación da contratación da Área de Benestar Social para este exercicio e está incluído no Plan anual de contratación 2024, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 29.12.2023 (Exp. n.º 6940/241.).

III.3. De acordo co disposto no Art 116.1 da LCSP, o expediente de contratación iníciase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos respectivos concelleiros de Área en virtude das Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, da Resolución do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOP n.º 136, do 14.07.2023) e os Acordos da XGL do 22.06.2023, Apdo. Segundo, Pto.6 (BOP n.º 129, do 05.07.2023) e do 28.07.2023. A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo, en Resolución do 29.04.2024, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.4. Constan nel, tal como esixe o Art. 116 da LCSP, a xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Área de Benestar Social, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares redactado polo Servizo de Contratación e a demais documentación preceptiva, como así se reflicte no informe da Xefa da Área de contratación e novos proxectos de data 10.06.2024 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

III.5. Ó abeiro do disposto no Art. 29.4 pfo. 1º da LCSP, a duración do contrato será de tres (3) anos, con posibilidade de dúas (2) prórrogas dun (1) ano. A data prevista de inicio do novo contrato é o 01.12.2024.

III.6. Tendo en conta a súa contía (valor estimado = 4.327.242,63€), o procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto, con tramitación ordinaria, suxeito a regulación harmonizada (Art. 22 LCSP). O contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación (Art. 22 LCSP; Cláusula 10 e Apdos. 1.G, 1.H, 1.I e 1.J das FEC).

III.7. O seu orzamento base de licitación ascende a 2.855.980,14 € (IVE a soportar pola Admón. = 259.634,55€) e o gasto podería financiarse con cargo á aplicación orzamentaria n.º 3112.227.99.01 (“Xestión de servizos asistenciais de CEDRO”).

III.8. O Art. 116.3, último pfo., da LCSP establece tamén que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que achegará a Intervención xeral municipal, quen ademais deberá fiscalizar o expediente antes da súa aprobación.

III.9. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, apdos. 4º e 11º da LCSP en relación co seu Art. 117. A resolución, segundo o Art. 117.1 da

LCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría xurídica do Concello (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira, Apdo. 8º LCSP) e da Intervención xeral municipal (Disposición adicional terceira, Apdo. 3º LCSP e Art. 214 TRLRFL), a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, do servizo sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO do Concello de Vigo, que inclúe a xustificación da necesidade e idoneidade do contrato (trámite n.º 3), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 34), con Anexo I de medios materiais (trámite n.º 35), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (trámite n.º 47) e a demais documentación necesaria.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (2.855.980,14 €, IVE incluído), que se imputará á aplicación n.º 3112.227.99.01 (“*Xestión de servizos asistenciais de CEDRO*”) dos orzamentos municipais, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

- 2024: 79.332,78€.
- 2025: 951.993,38€.
- 2026: 951.993,38€.
- 2027: 872.660,60€.

TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(538).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS AUXILIARES NECESARIOS PARA A POSTA EN MARCHA E APERTURA DA SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA DE NAVIA. EXPTE. 23976/332.

Visto o informe xurídico do 02/07/2024 e o informe de fiscalización do 04/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/06/2024, asinado pola xefa do servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión do 27 de febreiro de 2020, aprobou o expediente de contratación dos servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia (expediente 23976/332), por procedemento aberto, así como o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 08/01/2020 e o Prego de cláusulas administrativas particulares



Concello de Vigo

(PCAP) de data 12/02/2020 que rexen a licitación, e aprobou o gasto por importe de 79.917,21 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adxudicación: A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de 24 de setembro de 2020 acordou adxudicar a INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO GALICIA S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia por un prezo total de 70.106,93 euros mais unha bolsa de 200 horas cun prezo unitario por hora desta bolsa de 12,11 euros/hora.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada.

3.- Prazos: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos na cláusula 26:

“1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- (...)”

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

A) *PRAZO TOTAL: 2 anos.*

B) *PRAZOS PARCIAIS: non*

C) *PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: sí, tres prórrogas dun ano de duración cada unha. (...).”*

4.- Formalización do contrato: O contrato foi formalizado en data 22 de outubro de 2020 entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *“O presente contrato terá unha duración de dous anos, contados desde o día 22 de outubro de 2020. Están contempladas tres prórrogas de un ano cada unha”*.

5.- Primeira e segunda prórrogas do contrato: A Xunta de Goberno Local en data 18 de agosto de 2022 acordou *“autorizar a prórroga do contrato para os servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia (expte. 23976/332) para o período comprendido entre o 22/10/2022 e o 21/10/2023, (...).”*

A Xunta de Goberno Local en data 17 de agosto de 2023 acordou *“autorizar a segunda prórroga do contrato para os servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia (expte. 23976/332) para o período comprendido entre o 22/10/2023 e o 21/10/2024, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.”* En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 21 de outubro de 2024.

6.- Preaviso da terceira prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”*

En data 18 de xuño de 2024, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a terceira prórroga de un ano para o contrato dos servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia, conforme ao estipulado no mesmo .

7.- Prestación do servizo: A prestación dos servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia por parte da empresa contratista (Integra Mantemento Xestión e Servizos Integrados Centro Especial de Emprego Galicia S.L.) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta.

Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da terceira e última prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 22/10/2024 e o 21/10/2025.

8.- Orzamento: O prezo total do contrato para dous anos quedou aprobado por un importe de 70.106,93 euros, sendo o prezo por anualidade de 35.053,47 euros. Aos anteriores importes hai que engadir unha bolsa de 200 horas para os dous anos por un importe unitario de 12,11 euros/hora, que farían un importe adicional de 1.211,00 euros por anualidade (100 horas para cada ano). No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a terceira prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 36.264,47 euros, IVE incluído, que se dividiría en dúas anualidades:

- con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (do 22/10 ao 31/12): 7.523,12 euros (7.329,36 € da parte fixa máis 193,76 € da parte variable);
- e con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (do 01/01 ao 21/10): 28.741,35 euros (27.724,11 € da parte fixa máis 1.017,17 € da parte variable).

O devandito gasto podería imputarse á aplicación orzamentaria 3260.227.9915 (Sala Lectura de Navia) dos exercicios 2024 e 2025, conforme á anterior división.

En relación aos créditos para o exercicio 2024, faise constar que xa existe a operación contable RC 202400004028, por importe de 7.523,12 euros, de retención de crédito para a tramitación da terceira prórroga do contrato.

9.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 (LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, proponse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes **acordos:**

1º.- Autorizar a terceira prórroga do contrato para os servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia (expte. 23976/332) para o período comprendido entre o 22/10/2024 e o 21/10/2025, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 36.264,47 euros correspondente a esta prórroga, a favor de Integra Mantemento Xestión e Servizos Integrados Centro Especial de



Concello de Vigo

Emprego Galicia SL, CIF B-27.715.879. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.9915 (Sala lectura de Navia), e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (de 22/10 a 31/12): 7.523,12 euros.
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (de 01/01 a 21/10): 28.741,35 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(539).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS E DE ILUMINACIÓN PÚBLICA VIARIA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 53329/444.

Visto o informe xurídico do 03/07/2024 e o informe de fiscalización do 05/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/07/2024, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario, e conformado polo xefe da Área de Servizos Xerais, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- A Xunta de Goberno Local, aprobou na sesión extraordinaria e urxente do 25 de abril de 2022, o expediente de contratación do “SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS E DE ILUMINACIÓN PÚBLICA VIARIA DO CONCELLO DE VIGO”, (EXPEDIENTE 52198/444), o prego de prescricións técnicas particulares, o prego de prescricións administrativas particulares.

2º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 1 de setembro de 2022, acordou a adxudicación á UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) (A-08001182) – ELEUKON GLOBAL, S.L.U. (B-27.775.063) do procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (52.198-444) por un prezo total de 6.607.247,91 euros.

O Contrato formalízase con data 14 de outubro de 2022, cunha duración inicial do 1 de novembro de 2022 ao 31 de decembro de 2024. Estando previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

3º.- Con data 29 de febreiro de 2024 recíbese por rexistro electrónico comunicación da empresa adxudicataria UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) – ELEUKON GLOBAL, S.L.U. onde presentan a renuncia ás prórrogas previstas no contrato.

4º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato de data 24 de abril de 2024, asinado pola Enxeñeira Industrial, polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario e polo Xefe de área de Servizos Xerais.

- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos de data 25 de abril de 2024.
- c) Memoria económica asinada pola Enxeñeira Industrial, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, polo Xefe de Área de Servizos Xerais, polo Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos e polo Concelleiro da Área de Orzamentos e facenda de data 22 de maio de 2024.
- d) Certificado de crédito asinado polo Director Superior Contable en data 23 de maio de 2024.
- e) Prego de Prescricións Técnicas asinado polas Enxeñeiras Industriais e conformado polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 27 de maio de 2024.
- f) Anexos I – II e III ao PPT asinados en data 27 de maio de 2024.
- g) Anexo IV consistente en documentación e información referente aos medios adscritos ao contrato (listado de traballadores subrogables e convenio colectivo siderometalúrxicas) facilitados polo actual adxudicatario en data 10 de maio de 2024.
- h) Declaración dos redactores do prego de prescricións técnicas particulares de 27 de maio de 2024.
- i) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 01 de xullo de 2024.
- j) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos en data 01 de xullo de 2024.
- k) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos en data 01 de xullo de 2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22/06/2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP, e incorpora o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o mesmo.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e LCSP); a insuficiencia de medios (artigo 116.4.f LCSP); con respecto á clasificación dos empresarios (artigo 116.4.b LCSP), o artigo 77.1.b establece que non é esixible; os criterios de solvencia técnica ou profesional, económica e financeira (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 22 da LCSP. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.



Concello de Vigo

Cuarto.- De conformidade coa disposición adicional 3ª.2 da LCSP poderanse tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente.

Quinto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do **“SERVIZO PARA O MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS E DE ILUMINACIÓN PÚBLICA VIARIA DO CONCELLO DE VIGO”**.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polas Enxeñeiras Industriais e polo Xefe de Área de Servizos Xerais en data 27 de maio de 2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que reixerá o contrato asinado pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos en data 01 de xullo de 2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de NOVE MILLÓNS NOVECENTOS SETENTA E OITO MIL CENTO OITENTA E TRES EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (9.978.183,69 €) IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE DE UN MILLÓN SETECENTOS TRINTA E UN MIL SETECENTOS CINCUENTA EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.731.750,89 €)

Tendo en conta que os servizos derivados deste contrato refírense a prestacións de tracto sucesivo que teñen na actualidade referencia económica nos créditos que se atopan regularmente no orzamento municipal no programa 1650, propónse que o financiamento deste contrato que ten como data prevista de inicio o 1 de xaneiro do ano 2025, se aplique na aplicación 1650.227.99.03 “CONTRATO MANT. ILUMINACIÓN, TÚNEIS, GALERÍA, FONTES”, de acordo coas seguintes anualidades:

| Ano 1 | Ano 2 | Ano 3 | Total |
|----------------|----------------|----------------|----------------|
| 3.412.960,43 € | 3.527.787,70 € | 3.037.435,56 € | 9.978.183,69 € |

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(540).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA PARA FILLAS/OS DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 9846/224.

Visto o informe xurídico do 28/06/2024 e o informe de fiscalización do 03/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/06/2024, asinado pola xefa do servizo de Igualdade e a concelleira-delegada, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2020, acordou adxudicar á entidade “Gabinete de Psicología Karma, S.L.P” con CIF B36847242 o procedemento aberto para a contratación do Programa de Atención Psicolóxica para menores fillas/fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero por un prezo total do contrato de 14.648,40 € (contrato exento de IVE).

En data 14.07.2020 o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria asinan o contrato. A cláusula 4ª do mesmo establece que o contrato entrará en vigor o día 1 de outubro de 2020 e terá unha duración de un ano. Están previstas 4 prórrogas do contrato de un ano de duración cada unha.

Atendendo á cláusula 7ª do Prego de cláusulas administrativas particulares deste contrato, *“.../ o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato”.*

Co obxecto de propoñer a aprobación da cuarta e última prórroga do contrato, este órgano xestor informa de que a xestión por parte da entidade adxudicataria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente, e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse. Non se produciron incidencias por parte da empresa que afecten ao normal funcionamento do servizo, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación dunha cuarta prórroga do contrato.

Consta unido ao expediente escrito da empresa adxudicataria mostrando a súa conformidade á prórroga anual do contrato asinado en data 18.06.2024 con rexistro de entrada de documento nº 240179532.

A teor do exposto, cómpre pois, propoñer a aprobación dunha prórroga do actual contrato que comprenderá o seguinte período: 1 de outubro de 2024 ao 30 de setembro de 2025 (ambos incluídos).



Concello de Vigo

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 14.648,40 €. O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 227 9906 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2025 do Servizo de Igualdade, desglosado do seguinte xeito:

- Período comprendido entre o 1 de outubro de 2024 ao 31 de decembro de 2024: 3.662,10 € a razón de 1.220,70 €/mes con cargo á partida “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 227 9906 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.
- Período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 ao 30 de setembro de 2025: 10.986,30 € (1.220,70 €/mes x 9 meses) con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2025 na partida “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 227 9906 do orzamento do Servizo de Igualdade para o futuro exercicio 2025, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na devandita partida.

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato de xestión do Programa de Atención Psicolóxica para menores fillas/fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero, que abrangue desde o 1 de outubro de 2024 ao 30 de setembro de 2025, ambos incluídos, coa entidade Gabinete de Psicología Karma, S.L.P” con CIF- B36847242, actual adxudicataria do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xuño de 2020.

2º.- Aprobar o gasto de 14.648,40 euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da cuarta prórroga, desglosado do seguinte xeito: 3.662,10 € con cargo á partida “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 227 9906 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e 10.986,30 € con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2025 na partida “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 227 9906 do orzamento futuro do Servizo de Igualdade.

3º.- Notificar o presente acordo á adxudicataria, comunicar este acordo ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público de acordo co establecido nos artigos 335.2 e 346.3, respectivamente, da Lei de Contratos do Sector Público e publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(541).- PROXECTO DE CONVENIO COA “FUNDACIÓN IGUAL ARTE” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES. EXPTE. 11694/320.

Visto o informe de fiscalización do 25/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/06/2024, modificado en data 10/07/2024, asinado pola técnica de administración xeral, e conformado polo concelleiro delegado, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 07/02/2024, D^a M^a Cristina Lago Pérez, con DNI 3614*****, en calidade de presidenta da Fundación Igual Arte (CIF: G36427524), achegou escritos (docs. 240046235, 240046265) os que solicita a tramitación dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2023-2024, a realizar entre o 1/10/2023 e o 30/09/2024.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, D^a M^a Cristina Lago Pérez, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A Fundación Igual Arte, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e as Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 28/05/2024.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 29/05/2024.
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 28/05/2024.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 30/05/2024.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención e o que se reflicte a seguir:



Concello de Vigo

| ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (01/10/22 - 30/09/23) | IMPORTE |
|--|--------------------|
| Persoal de mantemento | 9.484,00 € |
| Calefacción | 3.000,00 € |
| Luz | 500,00 € |
| TOTAL | 12.984,00 € |

| INGRESOS | IMPORTE |
|---------------------|--------------------|
| Recursos propios | 2.984,00 € |
| Subvención Concello | 10.000,00 € |
| TOTAL | 12.984,00 € |

8. Certificación do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Fundación Igual Arte, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 851/03, segundo resolución da Alcaldía de data 05/06/2003.

V. O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, inclúe expresamente a partida 9240 4890012 “*Convenio Fundación Igual Arte*”, cunha dotación orzamentaria de 10.000,00 €.

VI. En data 28/05/2024 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, e en data 29/05/2024 o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais asinaron a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 30/05/2024 do adxunto ao tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A técnica de Administración xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

Este expediente ten por obxecto a tramitación dunha subvención prevista nominativamente nos vixentes orzamentos municipais á Fundación Igual Arte para o fomento das actividades programadas pola entidade, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento do seu local social entre o 1 de outubro de 2023 ata o 30 de setembro de 2024, situado na Rúa Palencia 34, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público e social.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa Fundación Igual Arte.

Segundo recolle o art. 6 dos seus Estatutos, a entidade "Fundación Igual Arte", ten, en xeral, por obxecto, a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Crear un espazo activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Favorecer a capacidade de interrelación descubriendo outras canles de comunicación para estas persoas.
- ✓ Concienciar a sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.
- ✓ O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.
- ✓ Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.
- ✓ Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Fundación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigas e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).

Doutra parte, asinará o convenio D^a M^a Cristina Lago Pérez, con DNI 3614*****, en calidade de Presidenta da Fundación Igual Arte (CIF.- G36427524), con domicilio social na Rúa



Concello de Vigo

Palencia 34 de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 11694/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

- o No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024) sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, inclúe expresamente a partida 9240 4890012 “*Convenio Fundación Igual Arte*”, cunha dotación orzamentaria de 10.000,00 €.

A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola “*Fundación Igual Arte*” no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no



Concello de Vigo

momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/23 e o 30/09/24, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2024**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención, así como, os correspondentes xustificantes bancarios. subvención, así como, os correspondentes xustificantes bancarios.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como

sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

VIII. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de data 28/06/2024, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

IX. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas por Resolución de Alcaldía de data 28/06/2024 apartado Primeiro d), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte



Concello de Vigo

ACORDO

PRIMEIRO. - **AUTORIZAR** e **DISPOR** o gasto por importe de 10.000,00 € (dez mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890012 denominada “*Convenio Fundación Igual Arte*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2024.

SEGUNDO. - **APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “*Fundación Igual Arte*” (CIF.- G36427524), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e a realizar pola entidade entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 10.000 € (dez mil euros).

TERCEIRO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES, DIRECTAMENTE RELACIONADAS, NECESARIAS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ana María Mejías Sacaluga na súa calidade de concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a M^a Cristina Lago Pérez, con DNI 3614*****, en calidade de Presidenta da Fundación Igual Arte (CIF: G36427524), con domicilio social Rúa Palencia, nº 34, de Vigo,

en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 11694/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos

intereses públicos a aqueles aos que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación especial, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito da integración (laboral, social, educativa, familiar...) das persoas con discapacidade, sendo a Fundación Igual Arte unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, a entidade "*Fundación Igual Arte*", ten, en xeral, por obxecto, a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:



Concello de Vigo

- ✓ Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Crear un espazo activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Favorecer a capacidade de interrelación descubriendo outras canles de comunicación para estas persoas.
- ✓ Concienciar a sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.
- ✓ O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.
- ✓ Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.
- ✓ Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “Fundación Igual Arte” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 851/03 no epígrafe 2.7.2.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade Fundación Igual Arte leve a cabo os proxectos e actividades socioeducativas planificadas para o 2024, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento, necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4890012, denominada “Convenio Fundación Igual Arte” nominativa a favor da entidade, con unha asignación orzamentaria de 10.000,00 €.

VII.- As actividades programadas pola Fundación Igual Arte para o 2024, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente, agrúpanse en tres programas fundamentais:

1. Centro ocupacional
2. Centro de día
3. Programa artístico

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da fundación, mediante o financiamento dos gastos de mantemento do seu local social, situado na Rúa Palencia, 34, entre os meses de outubro de 2023 a setembro de 2024, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, cuxa contía, segundo orzamento de gastos achegado, é o seguinte:

| ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (outubro 2023- setembro 2024) | IMPORTE |
|--|--------------------|
| Persoal de mantemento | 9.484,00 € |
| Calefacción | 3.000,00 € |
| Luz | 500,00 € |
| TOTAL | 12.984,00 € |

IX.- Que a entidade Fundación Igual Arte non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, asistencial... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Fundación Igual Arte*, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito socioeducativo e lúdico-formativo, dirixidas á potenciar o benestar e a integración de persoas con minusvalías e necesidades especiais, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade *Fundación Igual Arte* comprométese a colaborar coa concellería de Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.



Concello de Vigo

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "*Fundación Igual Arte*" unha subvención por importe de 10.000 € (dez mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890012, denominada "*Convenio Fundación Igual Arte*", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos de mantemento do seu local social entre os meses de outubro de 2023 a setembro de 2024, situado na Rúa Palencia 34, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, en definitiva, para o fomento das mesmas.
2. Respeitar a estrutura organizativa da "*Fundación Igual Arte*".

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.
3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.
4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta

comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre outubro de 2023 ata setembro de 2024.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Fundación Igual Arte* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2024**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace



Concello de Vigo

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electronicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electronicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas electronicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electronicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento

xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "X" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electronicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electronicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
 - Contrato de traballo.
 - Xustificante do contrato de traballo rexistrado no SEPE.
 - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (RLC) e Relación nominal de traballadores (RNT), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - Nóminas correspondente aos meses imputados.
 - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
 - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a



Concello de Vigo

acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e/ou o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarse fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá e Distritos, e de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de

relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola "Fundación Igual Arte" no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES66 2100 1774 2102 0004 2194 (CaixaBank).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2023 e o 30/09/2024.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Participación Cidadá e Distritos. A xefatura de Participación Cidadá ou persoa que a substitúa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.



Concello de Vigo

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica.

13(542).- PROXECTO DE CONVENIO COA “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE. EXPTE. 11700/320.

Visto o informe de fiscalización do 25/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/06/2024, modificado en data 10/07/2024, asinado pola técnica de administración xeral, e conformado polo concelleiro delegado, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 11/04/2023, D. Camilo Pais Martínez (DNI: 3599****), en calidade de Presidente da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF: G-36704666), achegou a documentación (nº 240115545 e nº 240115558) solicitando a celebración dun convenio entre o Concello e a referida entidade, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola Federación entre o 1 de outubro de 2023 ata o 30 de setembro de 2024.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Camilo Pais Martínez, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e nas Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 30/05/24.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 30/05/24.
- Certificado da Seguridade Social, de data 31/05/24.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 03/06/2024.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).



Concello de Vigo

5. Consulta de verificación de datos (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

| ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (outubro 2023- setembro 2024) | |
|--|--------------------|
| CONCEPTO | IMPORTE |
| Área Organización: Xestión e administración | 6.600,00 € |
| Área Promoción: Edición da “ Revista Anuario” | 1.200,00 € |
| Área Convivencia: Festa das Peñas e Cea Voluntario | 5.900,00 € |
| Área Social: XL Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa | 2.300,00 € |
| TOTAIS | 16.000,00 € |

| INGRESOS DA ENTIDADE (outubro 2023 a setembro 2024) | |
|--|--------------------|
| Convenio Concello | 15.000,00 € |
| Federación de Peñas Recreativas El Olivo | 1.000,00 € |
| TOTAL | 16.000,00 € |

8. Certificado da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.
9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
 - c) Lugar de realización
 - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
 - e) Recursos humanos e materiais
 - f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 143/90, segundo resolución da Alcaldía de data 24/04/1990.

V. O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, inclúe expresamente a partida 9240 4890001 “Convenio Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, cunha dotación de 15.000,00 €.

VI. En data 30/05/2024 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, e en data 31/05/2024 o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais asinaron a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 03/06/2024 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A técnica de Administración Xeral de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO (G-36704666) que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación de outubro de 2023 a setembro de 2024.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO”.

Segundo recollen, os arts. 2 e 3 dos Estatutos da Federación, contempla entre os fins e actividades que constitúen o seu obxecto social e cuxa realización se subvenciona co presente convenio, encóntranse:

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte.
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte.
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos.
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo.



Concello de Vigo

- Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).

Doutra parte, asinará o convenio D. Camilo Pais Martínez, con DNI 3599*****, en calidade de Presidente da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF : G-36704666), con domicilio social na rúa Otero Pedraio - Praza de Galegos Ilustres de Vigo, nº 5, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte: 11700/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a

continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

- e En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.



Concello de Vigo

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, inclúe expresamente a partida nº 9240 4890001, denominada “*Convenio Federación de Peñas Recreativas El Olivo*”, cunha dotación orzamentaria de 15.000 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Federación de Peñas Recreativas El Olivo son gastos destinados ao fomento das actividades da entidade.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos. A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da

entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2023 e o 30/09/2024, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2024**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo



Concello de Vigo

responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de data 28/06/2024, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas por Resolución de Alcaldía de data 28/06/2024 apartado Primeiro d), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte , propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890001, denominada "*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*", incluída no vixente orzamento municipal.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de subvención nominativa entre o Concello de Vigo e a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF.- G-36704666), cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade a realizar pola entidade entre outubro de 2023 e setembro de 2024, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos derivados da súa organización, promoción e execución e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

TERCEIRO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.



Concello de Vigo

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO" PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ana María Mejías Sacaluga na súa calidade de concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Camilo Pais Martínez, con DNI 3599*****, en calidade de Presidente da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF : G-36704666), con domicilio social na rúa Otero Pedraio - Praza de Galegos Ilustres de Vigo, nº 5, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da documentación incorporada ao expte. 11700/230.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como

sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que a entidade “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*”, de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte.
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte.
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos.
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo.
- Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 143/90.

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para os meses de outubro de 2023 ata setembro de 2024, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos derivados da organización, fomento e execución das mesmas.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240 4890001, denominada “*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*”, nominativa a favor da entidade, con unha consignación orzamentaria de 15.000 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación de outubro de 2023 a setembro de 2024, cuxa contía, segundo proxecto de actividades e orzamento, achegados pola entidade, ascende a:

| |
|--|
| ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (outubro 2023- setembro 2024) |
|--|



Concello de Vigo

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---|--------------------|
| AREA ORGANIZACIÓN: Xestión e administración | 6.600,00 € |
| AREA PROMOCIÓN: Edición Revista Anuario | 1.200,00 € |
| AREA CONVIVENCIA: Festa das peñas e Cea de voluntariado | 5.900,00 € |
| AREA SOCIAL: XL Trofeos Cidade de Vigo de Xogos de mesa | 2.300,00 € |
| TOTAIS | 16.000,00 € |

VII.- Que a entidade "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" comprométese a colaborar coa concellaría de Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a organización, promoción, fomento e execución das actividades obxecto do presente convenio.
2. Comunicar ao Concello de Vigo, Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
3. Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
4. A revista "Anuario" reservará dúas páxinas para os saúdas do alcalde e do concelleiro de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto "Patrocinado polo Concello de Vigo - Concellaría de Participación Cidadá-" co seu logotipo oficial. As páxinas para espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inxeridos na revista.

5. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

8. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

9. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e Distritos nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto coa correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.

10. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

11. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

12. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

13. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade *Federación de Peñas Recreativas El Olivo* unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240 4890001, denominada "*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*" do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da organización, promoción, execución e, en definitiva, fomento das actividades sociocomunitarias programadas pola entidade para os meses de outubro de 2023 ata setembro de 2024.

2. Respetar a estrutura organizativa da "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:



Concello de Vigo

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.
3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.
4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende o 1 de outubro de 2023 ata o 30 de setembro de 2024.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2024**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/as solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa



Concello de Vigo

por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas electrónicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola

presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario).**

Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



Concello de Vigo

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá e Distritos, e de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES09 2080 5077 93 3040016285 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2023 e o 30/09/2024.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Participación Cidadá e Distritos. A xefatura de Participación Cidadá ou persoa que a substitúa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen



Concello de Vigo

dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

14(543).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA "MONTE DA MINA" PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO NECESARIOS, E XESTIÓN DUN VIVEIRO DE ASOCIACIÓNS NAS SÚAS INSTALACIÓNS. EXPTE. 11706/320.

Visto o informe de fiscalización do 03/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/06/2024, modificado en data 10/07/2024, asinado pola técnica de administración xeral, e conformado polo concelleiro delegado, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 19/02/2024, D. Juan Freiría Barros (DNI: 3596****), en calidade de presidente da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos (CIF: G-36623593), achegou escrito doc. 240063216, 240063218 e 240063223, solicitando a celebración dun convenio co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2023-2024, a realizar entre o 01/10/2023 e o 30/09/2024, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Juan Freiría Barros, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 07/02/2024.
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 30/05/2024.
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 31/05/2024.
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 03/06/2024.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

| ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (1 de Outubro 2023 a 30 de Setembro 2024) | |
|--|--------------------|
| Imposto Bens Inmobles | 12.550,00 € |
| Parte proporcional de luz | 2.350,00 € |
| Parte proporcional de auga | 150,00 € |
| Parte proporcional de teléfono | 350,00 € |
| Parte proporcional de seguro | 1.600,00 € |
| TOTAL | 17.000,00 € |

| ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2023 - 30/09/2024) | |
|--|--------------------|
| Axuda Concello Viveiro de Asociacións | 17.000,00 € |
| TOTAL | 17.000,00 € |



Concello de Vigo

8. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 6/87, segundo resolución da Alcaldía de data 09/03/1987.

V. O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, inclúe expresamente a partida 9240 4890009 "*Convenio A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*", cunha dotación orzamentaria de 17.000,00 €.

VI. En data 30/05/2024 creouse o expediente para iniciar a tramitación do presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 03/06/2024 do adxunto ao tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos para o fomento das actividades programadas a realizar pola entidade entre o 1 de outubro 2023 e o 30 de setembro de 2024, mediante a contribución nos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento daquelas, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.

Segundo recolle o art. 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- *A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir.*
- *A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.*
- *A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxa.*
- *A desaparición dos desequilibrios entre barrios.*
- *A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas persoas especialmente marxinadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.*
- *A defensa dos dereitos das mulleres e dos homes, dentro e fora da asociación, e a denuncia dos malos tratos.*
- *A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.*
- *A defensa da calidade da veciñanza en todos os seus eidos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública, cultura, deporte, etc...)*

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigas e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).

Doutra parte, asinará o convenio D. Juan Freiría Barros, con DNI 3596*****, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF.- G-36623593), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 11706/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga



Concello de Vigo

efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, inclúe expresamente a partida 9240 4890009 "Convenio A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos", cunha dotación orzamentaria de 17.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos son gastos destinados ao mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2023-2024, a realizar entre o 01/10/2023 e o 30/09/2024, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o



Concello de Vigo

destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2023 e o 30/09/2024, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2024**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de data 28/06/2024, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa



Concello de Vigo

(LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas por Resolución de Alcaldía de data 28/06/2024 apartado Primeiro d), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte , propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 17.000,00 € (dezasete mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890009 denominada "*Convenio A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*", incluída no vixente orzamento municipal de 2024.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*" (CIF.- G36623593), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e a realizar pola entidade entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento e para a coordinación e xestión pola entidade do viveiro de asociacións nas súas instalacións, e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 17.000 € (dezasete mil euros).

TERCEIRO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DA ENTIDADE NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES ENTRE OS MESES DE OUTUBRO 2023

A SETEMBRO DE 2024, ASÍ COMO, PARA A COORDINACIÓN E XESTIÓN DUN VIVIEIRO DE ASOCIACIÓNS NAS SÚAS INSTALACIÓNS

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ana María Mejías Sacaluga na súa calidade de concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Juan Freiría Barros, con DNI 3596*****, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF.- G-36623593) con domicilio social en Monte da Mina, 16 Castrelos-Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente núm. 11706/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá, recibe múltiples solicitudes de diversas asociacións municipais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións para ser dotadas dun espazo físico onde desenvolver as súas xuntanzas, reunións e actividades.



Concello de Vigo

Para levar adiante o compromiso de apoio ao tecido asociativo, o Concello de Vigo, ten necesidade de infraestruturas básicas que fagan posible a instalación de Viveiros de Asociacións, polo que se avalía moi positivamente a colaboración que presta a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos ao ceder parte das instalacións do seu local social para o uso de outras asociacións.

Na vontade de afondar nas súas relacións o Concello de Vigo e a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, mediante este convenio, establecen as canles de colaboración para coordinar e xestionar o Viveiro de Asociacións creado nas instalacións da A.V.C.D. "Monte da Mina", así como, as accións encamiñadas ao fomento das actividades da propia asociación que redundan en beneficio de toda a veciñanza.

III.- Que a entidade A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, de conformidade co art. 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- *A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir.*
- *A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.*
- *A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxa.*
- *A desaparición dos desequilibrios entre barrios.*
- *A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas persoas especialmente marxinadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.*
- *A defensa dos dereitos das mulleres e dos homes, dentro e fora da asociación, e a denuncia dos malos tratos.*
- *A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.*
- *A defensa da calidade da veciñanza en todos os seus eidos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública, cultura, deporte, etc...)*

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 09/03/87, a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 6/87.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos* leve a cabo as actividades sociocomunitarias e socioculturais planificadas e a realizar entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024, segundo memoria achegada, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións, creado no ano 2005 mediante convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a referida entidade, nas súas instalacións, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890009, denominada “*Convenio Asociación Monte da Mina*”, nominativa a favor da entidade, cunha consignación orzamentaria de 17.000 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades entre o 1 de outubro de 2023 a 30 de setembro de 2024, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, cuxa contía total, na parte proporcional, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

| ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (1 de Outubro 2023 a 30 de Setembro 2024) | |
|--|--------------------|
| Imposto Bens Inmóbles | 12.550,00 € |
| Parte proporcional de luz | 2.350,00 € |
| Parte proporcional de auga | 150,00 € |
| Parte proporcional de teléfono | 350,00 € |
| Parte proporcional de seguro | 1.600,00 € |
| TOTAL | 17.000,00 € |

VIII.- Que a entidade *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos* non incorre en ningunha circunstancia e prohibición recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociocultural, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade A.V.C.D. “Monte da Mina” de Castrelos comprométese a colaborar coa concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo para garantir a continuidade do Viveiro de Asociacións instalado nas dependencias do seu local social, e concretamente:

1. A por a disposición do Concello de Vigo os espazos que deseguido se relacionan:

Planta 1ª



Concello de Vigo

| Local | Medidas | Superficie |
|------------------|--------------|-----------------------|
| Sala de lecturas | 14,60 x 7,40 | 108,04 m ² |
| Sala de xuntas | 5,45 x 5,80 | 31,61 m ² |

Primeiro soto

| Local | Medidas | Superficie |
|---------|-------------|----------------------|
| Núm. 1 | 9,60 x 5,60 | 53,76 m ² |
| Núm. 2 | 2,20 x 5,60 | 12,32 m ² |
| Núm. 3 | 6,00 x 8,10 | 48,60 m ² |
| Núm. 4 | 2,90 x 6,38 | 18,49 m ² |
| Núm. 5 | 6,00 x 6,65 | 39,90 m ² |
| Núm. 6 | 9,00 x 3,60 | 32,40 m ² |
| Núm. 7 | 6,10 x 5,40 | 32,94 m ² |
| Núm. 11 | 5,35 x 4,30 | 22,90 m ² |

A utilización dos locais do primeiro soto, farase en réxime de exclusividade por aquelas asociacións beneficiarias da súa cesión en uso conforme aos criterios de selección establecidos polo Concello de Vigo, mentres que a utilización da Sala de Lectura e Xuntas da primeira planta estará en réxime compartido, previa solicitude das asociacións integradas no Viveiro de Asociacións.

2. Xestionar as autorizacións necesarias para a cesión en uso dos espazos comúns.
3. Xestionar o cobro da cota de participación nos gastos de mantemento das instalacións, xa que, os gastos ocasionados polo seu uso serán asumidos polas asociacións integradas no Viveiro de Asociacións. A porcentaxe de participación de cada unha delas será establecida pola Comisión de Seguimento.
4. Desenvolver as actividades programadas pola entidade para os meses de outubro 2023 a setembro de 2024, conforme ao proxecto achegado.
5. Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.
6. Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.
7. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.
8. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades programadas.
9. Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.
10. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade posible, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo.

11. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

12. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio.

13. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese á súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Establecer os mecanismos de selección das entidades beneficiarias da cesión en uso dos locais postos a disposición do Concello de Vigo por parte da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.

2. Conceder directamente á entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos unha subvención por importe de 17.000 € (dezasete mil euros), con cargo a partida orzamentaria nominativa nº 9240. 4890009, denominada "*Convenio Asociación Monte da Mina*", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programados e a realizar entre o 1 de outubro 2023 e o 30 de setembro de 2024, así como, para a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, en definitiva, para o fomento das súas actividades, do asociacionismo e da participación cidadá.

Considéranse gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o seu normal desenvolvemento, tales como: gastos de administración, mantemento das instalacións, subministros (teléfono, auga, luz,...), tributos aboados efectivamente polo beneficiario da subvención, etc...

3. Respetar a estrutura organizativa da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.



Concello de Vigo

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con

posterioridade á sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocárase, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 01/10/2023 ao 30/09/2024.

Oitavo.- Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de seguimento integrada por:

1. Representantes do Concello de Vigo:
 - O concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, que ostentará a Presidencia.
 - A xefatura do servizo de Participación Cidadá ou quen a substitúa.
2. Representantes do A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos:
 - Presidente da asociación.
 - Secretario da asociación que actuará como secretario da comisión.
3. Viveiro de Asociacións:
 - Un representante de cada unha das asociacións participantes.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2024**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar



Concello de Vigo

a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A Conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificárase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente

segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:**

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de alugueiro, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarse fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.



Concello de Vigo

- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustificuen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá, de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES40 2080 5073 0930 4000 2195 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.

Décimo segundo- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2023 e o 30/09/2024.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada

polos servizos de Participación Cidadá. A xefatura de Participación Cidadá ou persoa que a substitúa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.



Concello de Vigo

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

15(544).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO NA RÚA XULIÁN ESTÉVEZ E CUSTOS ASOCIADOS AO MESMO. EXPTE. 1401/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/07/2024, asinado polo xefe do servizo administrativo e de control orzamentario e conformado polo xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe

denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- Con data 10 de outubro de 2022 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na **Renovación do abastecemento na Rúa Xulián Estévez** informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 14 de outubro de 2022, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 20 de outubro de 2022 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **Renovación do abastecemento na Rúa Xulián Estévez**

IV.- Con data 24 de xuño de 2024, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de **Renovación do abastecemento na Rúa Xulián Estévez**, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento de execución material de DOUSCENTOS SETENTA E NOVE MIL SEISCENTOS SETENTA E SETE EUROS con NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (279.677,94 EUROS), e un presuposto de licitación (IVE excluído) de 332.816,75 € (TRESCENTOS TRINTA E DOUS MIL OITOCENTOS DEZASEIS EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNITMOS o proxecto dispón de sinatura dixital de data 24/06/2024.

V.- Con data 25 de xuño de 2024, a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|---------------------------|-------------|------------|
| Redacción de proxecto | ESINPRO | 5.593,56 € |
| Asistencia técnica á D.O. | ESINPRO | 5.593,56 € |



Concello de Vigo

| | | |
|------------------------------------|---------------------------|-------------|
| Coordinación de seguridade e saúde | Oscar Pereiro Tambo (CSM) | 1.398,39 € |
| | SUMA | 12.585,51 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 1.384,41 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 13.969,92 € |

VI.- A Enxeñeira Industrial Municipal e a Técnica Medida de Obras Públicas en datas 27 e 28 de xuño de 2024, emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

VII.- Con datas 28 de xuño de 2024 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e o Xefe de Área de Servizos Xerais emiten informe no que indican, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

I. Aínda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

III.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de **Renovación do abastecemento na Rúa Xulián Estévez**, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento de execución material de DOUSCENTOS SETENTA E NOVE MIL SEISCENTOS SETENTA E SETE EUROS con NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (279.677,94 EUROS), e un presuposto de licitación (IVE excluído) de 332.816,75 € (TRESCENTOS TRINTA E DOUS MIL OITOCENTOS DEZASEIS EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS) o proxecto dispón de sinatura dixital de data 24/06/2024.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de **Renovación do abastecemento na Rúa Xulián Estévez** por un importe de 13.969,92 Euros (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|------------------------------------|---------------------------|-------------|
| Redacción de proxecto | ESINPRO | 5.593,56 € |
| Asistencia técnica á D.O. | ESINPRO | 5.593,56 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | Oscar Pereiro Tambo (CSM) | 1.398,39 € |
| | SUMA | 12.585,51 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 1.384,41 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 13.969,92 € |



Concello de Vigo

Terceiro.- Designar como dirección facultativa da obra aos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D^a Juan Sánchez González.

Cuarto.- Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercer, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución do recurso.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(545).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA SABAXÁNS E CUSTOS ASOCIADOS AO MESMO. EXPTE. 1881/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/07/2024, asinado polo xefe do servizo administrativo e de control orzamentario e conformado polo xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas

08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- Con data 1 de febreiro de 2024 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na **Mellora do saneamento da Rúa Sabaxáns** informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo da mesma , resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 9 de febreiro de 2024 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **Mellora do saneamento da Rúa Sabaxáns**.

IV.- Con data 28 de xuño de 2024, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de **Mellora do saneamento da Rúa Sabaxáns**, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento de execución material de CINCUENTA E UN MIL NOVENTA E NOVE EUROS con CORENTA E SETE CÉNTIMOS (51.099,47 EUROS), e un orzamento de licitación (IVE excluído) de 60.808,37 € (SESENTA MIL OITOCENTOS OITO EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 27/06/2024.

V.- Con data 2 de xullo de 2024, a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|------------------------------------|--|------------|
| Redacción de proxecto | ESINPRO | 1.021,99 € |
| Asistencia técnica á D.O. | ESINPRO | 1.021,99 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | Ruth Carballeira Martín (Cíes Atlántico SLU) | 255,50 € |
| | SUMA | 2.299,48 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 252,94 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 2.552,42 € |



Concello de Vigo

VI.- A Enxeñeira Industrial Municipal e a Técnica Medida de Obras Públicas en data 28 de xuño de 2024, emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

VII.- Con datas 3 de xullo de 2024 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e o Xefe de Área de Servizos Xerais emiten informe no que indican, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

I. Aínda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

III.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal

o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de **Mellora do saneamento da Rúa Sabaxáns**, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento de execución material de CINCUENTA E UN MIL NOVENTA E NOVE EUROS con CORENTA E SETE CÉNTIMOS (51.099,47 EUROS), e un orzamento de licitación (IVE excluído) de 60.808,37 € (SESENTA MIL OITOCENTOS OITO EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 27/06/2024.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de **Mellora do saneamento da Rúa Sabaxáns**, por un importe de 2.552,42 Euros (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|------------------------------------|--|------------|
| Redacción de proxecto | ESINPRO | 1.021,99 € |
| Asistencia técnica á D.O. | ESINPRO | 1.021,99 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | Ruth Carballeira Martín (Cíes Atlántico SLU) | 255,50 € |
| | SUMA | 2.299,48 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 252,94 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 2.552,42 € |

Terceiro.- Designar como dirección facultativa da obra aos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e Dª Juan Sánchez González.



Concello de Vigo

Cuarto.- Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercer, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución do recurso.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(546).- ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO BARRIO DE COIA. EXPTE. 2019/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/06/2024, asinado polo xefe do servizo administrativo e de control orzamentario e conformado polo xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o

procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercerá o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 26 de xuño de 2024 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe de Área de Servizos Xerais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **“RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO BARRIO DE COIA** O devandito informe indica o seguinte:

Coia é un barrio residencial de Vigo onde viven arredor de 30.000 persoas. Desenvolveuse urbanísticamente a partires dos anos 60 do pasado século, coincidindo coa etapa de maior crecemento poboacional de Vigo.

Nos últimos tempos véñense producindo reiterados problemas no abastecemento de auga nalgunhas rúas deste barrio (rúa A Guarda, Camiño Figueirido, rúa Tui, rúa Cuntis, rúa Padre Seixas...) e son consecuencia das roturas das tubaxes de fibrocemento que configuran a rede destas rúas. As tubaxes desta rúa superaron a súa vida útil polo que resulta necesario estudar e valorar a súa substitución, para evitar interrupcións do servizo, danos en bens públicos e propiedades dos veciños, así coma perdas de auga non rexistradas.

Así mesmo, e de cara a minimizar novas afeccións con posterioridade á renovación do abastecemento, considérase necesario avaliar o estado da rede de saneamento nas citadas rúas, e renovar aqueles treitos nos que o seu estado actual faga necesaria a súa substitución.



Concello de Vigo

Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a actuación de “RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO BARRIO DE COIA” é unha actuación necesaria que non debe demorarse.

V.- A vista deste informe, con data 26 de xuño de 2024 o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente **“RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO BARRIO DE COIA”**

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do **“RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO BARRIO DE COIA”**

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(547).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE RAMPLAS MECÁNICAS NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO ENTRE A RÚA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA DE TARRAGONA. EXPTE. 6271/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/07/2024, asinado pola técnica de xestión, o xefe do servizo administrativo e de control orzamentario e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 24.04.2023 resolveu o autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción do proxecto de “VIGO VERTICAL VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE RAMPLAS MECÁNICAS NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO ENTRE A RÚA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA DE TARRAGONA” a favor da mercantil ORDENACIÓN TERRITORIAL, INFRAESTRUTURAS E MEDIO AMBIENTE SL (OTIMA).

II.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de “VIGO VERTICAL VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE RAMPLAS MECÁNICAS NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO ENTRE A RÚA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA DE TARRAGONA”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Ignacio Teijeiro Calvo e polo Arquitecto Pedro Iglesias Aymerich.

III.- O Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas, Canles e Portos, en data 22.12.2023 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Técnico de Xestión da Área de Fomento, na data 25.12.2023 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación desenvólvese no tramo de 138 m na rúa Pintor Colmeiro, comprendido entre a rúa Álvaro Cunqueiro e rúa Tarragona. As obras a executar enuméranse a continuación:

- Redistribución da sección transversal da rúa, ampliando o ancho das beirarrúas seguindo criterios de accesibilidade peonil.
- Pavimentación acorde coa contorna: beirarrúas de lousa de granito gris mondariz ou similar, bordos de granito e calzada de mestura bituminosa sobre unha capa de formigón.
- Reposición de servizos afectados, incluíndo a renovación completa da rede de saneamento e pluviais e a renovación da rede de abastecemento en canalizacións de fundición dúctil.
- Renovación do alumeadado público mellorando a eficiencia e aforro enerxético e asegurando a uniformidade en todo o viario.
- Incorporación de ramplas mecánicas con cuberta en voladizo, con peche de vidro e iluminación tipo LED continua.
- Resto de obras complementarias das anteriores, incluída a instalación de rede de rego por goteo en xardinería e a disposición de mobiliario urbano e elementos ornamentais.

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son os de mellorar a calidade dos espazos para o peón, asegurar a circulación rodada en condicións de seguridade e confort e renovar e mellorar as redes de servizos.

Todo isto levarase a cabo con criterios acordes a actuacións similares na contorna, que pivoten na sostibilidade das actuacións proxectadas, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais, criterios de seguridade e emprego de novas tecnoloxías.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de ONCE (11) MESES.



Concello de Vigo

V.- Os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos emiten en data 09.07.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"(...)

O solo onde executáanse as actuacións emprázanse no ámbito do Plan Xeral de Ordenación Urbana De Vigo (PXOU93) vixente, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (DOG no87, do 10/05/1993; BOP no133, do 14/07/1993), coas súas modificacións puntuais, habida conta da declaración de nulidade contida na sentenza de 10.11.2015 do Tribunal Supremo que afectou ás ordes da Conselleira da CPTOPT do día 16.05.2008 de aprobación definitiva e parcial do PXOM (DOG no 106, do 03.06.2008; BOP no 151, do 06.08.2008) e do Conselleiro da CMATI do 13.07.2009 de aprobación do documento de cumprimento da Orde do día 16.05.2008 (DOG no 144, do 24.07.2009; BOP no 175, do 10.09.2009).

A actuación prevista discorre en solo incluído no Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU93) e no ámbito do Instrumento de Ordenación Provisional (IOP), e o proxecto axústanse ás aliñacións sinaladas en estes dous instrumentos, sendo as obras viables urbanísticamente tal como indica o informe da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo de data 12/01/2024.

As obras atópanse fóra de áreas de protección arqueolóxica, arquitectónica e etnográfica tal como indica o informe do Servizo de Patrimonio Histórico de data 02/01/2024. A actuación non está incluída nos anexos I e II da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non é necesaria a tramitación do procedemento de avaliación ambiental. Non se aprecia que a obra afecte a ningunha normativa sectorial significativa.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentarias, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo tódolos requisitos exixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente o proxecto presentado para aprobación, "VIGO VERTICAL VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE RAMPLAS MECÁNICAS NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO ENTRE A RÚA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA DE TARRAGONA".."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos

233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de **“VIGO VERTICAL VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE RAMPLAS MECÁNICAS NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO ENTRE A RÚA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA DE TARRAGONA”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Ignacio Teijeiro Calvo e polo Arquitecto Pedro Iglesias Aymerich, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS OITO MIL SEISCENTOS CORENTA E CATRO EUROS con OITENTA E SETE CÉNTIMOS (2.508.644,87€) e con sinatura dixital de data 04.07.2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(548).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DAS CUBERTAS DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL (CIIES) DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6374/443.



Concello de Vigo

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/07/2024, asinado pola técnica de xestión, o xefe do servizo administrativo e de control orzamentario e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Por parte da Concellería da Área de Goberno de Política Social e Turismo, remítese proxecto básico e de execución para a “RENOVACIÓN DAS CUBERTAS DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL – CIIES – DO CONCELLO DE VIGO”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS e D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS TRINTA E NOVE MIL CATROCIENTOS CINCUENTA E OITO EUROS con SETENTA E SETE CÉNTIMOS (239.458,77 €).

II.- O Xefe de Área de Benestar Social e o Xefe do servizo de Vías , Obras e Infraestruturas en datas 14 e 15 de marzo de 2024 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos e a Concelleira de Área de Goberno de Política social, a proposta dos Xefes de Área e Servizo respectivos, en data 15 de marzo de 2024 resolven iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- A actuación se desenrola no Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social CIIES, rúa Marqués de Valterra nº6, 36202 Vigo.

Plantéxase o mantemento da estrutura existente en cada unha das cubertas, agás no caso da cuberta de chapa existente sobre a terraza da fachada sur no andar +1, que resulta incompatible co uso das estancias que teñen fachada á mesma. Por esta incompatibilidade plantéxase a desmontase integral desta cuberta incluíndo a estrutura de tubulares rectangulares de aceiro e as carpinterías de fachada. Na totalidade das cubertas de tella plana plantéxase a incorporación de novos pontóns de madeira naqueles casos nos que sexa necesario para garantir unha axeitada montaxe do novo sistema construtivo da cuberta.

Plantéxase unha nova envolvente para a totalidade das cubertas de tella plana do edificio co obxecto de mellora-las súas prestacións enerxéticas (incorpórase illamento térmico que na actualidade non ten), mellora-las prestacións acústicas (incrementando o illamento acústico de toda a envolvente da cuberta) e mellora-la súa impermeabilidade (incorporando un sistema construtivo con prestacións de calidade testadas para a protección da entrada de auga de chuvia en substitución da protección simple de tella plana que ten na actualidade). Atendendo ás singularidades e ós valores arquitectónicos do edificio plantéxase unha solución construtiva respectuosa co mesmo, mantendo o mesmo acabado de tella plana nos faldóns co que conta na actualidade, e mantendo os beirís de tella curva.

O novo sistema construtivo das cubertas de tella plana estará composto por:

- Paneis sandwich tipo Ondutherm H19+A100+H10 que constan dun taboleiro aglomerado hidrófugo de 19 mm na parte exterior, un núcleo illante de poliestireno extruído de 35 Kg/m³ de densidade cun espesor de 100 mm e un taboleiro aglomerado hidrófugo de 10 mm na parte interior.
- Placa tipo Onduline DRS BT50 de fibras minerais e vexetais e resinas termo-estabeis que se constitúe coma material que mellora a impermeabilidade do sistema construtivo.
- Perfil metálico para soporte da tella.
- Tella plana coma material de cubrición.

Para o caso da terraza existente na fachada sur, a nivel do primeiro andar, considérase necesario executar unha nova impermeabilización da mesma xa que, unha vez que se desmonte a cuberta de chapa existente (incompatible co grao de protección arquitectónica do edificio e cas esixencias de ventilación e iluminación dos cuartos que teñen fiestras nesa fachada), poderían existir goteiras e entrada de auga nas dependencias que se atopan debaixo. Para elo, plantéxase o picado das capas que forman a terraza existente chegando ó morteiro de pendentes, a limpeza das superficies e a construción dunha cuberta invertida con acabado apto para o seu uso por usuarios do centro composta polas seguintes capas:

- Formación de pendentes mediante recrecido con morteiro de cemento de 5-7 cm de espesor medio (no caso de que as pendentes existentes presenten problemas na evacuación das augas pluviais).
- Impermeabilización da superficie con polibreal con espesores e capas conforme ó indicado polos fabricantes.
- Capa separadora de fieltro xeotextil non tecido de fibra de poliéster de 150 gr/m².
- Paneis de illamento térmico de lá de rocha (MW), non hidrófilo, de 80 mm de espesor (ou espesor compatible cas cotas das portas de saída á terraza).
- Capa separadora de fieltro xeotextil non tecido de fibra de poliéster de 200 gr/m².
- Capa de protección de tendido de morteiro de cemento de 2-5 cm de espesor, preparado para solar mediante morteiro adhesivo ou produto semellante.
- Solado de baldosa de gres porcelánico rectificadosemellante á existente na outra terraza do mesmo nivel.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (NOVENTA) 90 días naturais.

IV.- A Técnica Media de Obras Públicas emite en data 01.07.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

Segundo o PXOU de Vigo, aprobado definitivamente o 29/04//1993, a parcela atópase en Solo Urbano, grafado con Ordenanza 4.5 de Zonas para outras Institucións. No Instrumento de Ordenación Provisional (IOP), aprobado definitivamente o 24 de xulio de 2019, a parcela recóllese coma Sistema Local de Equipamentos Educativo (folla 7-K). De acordo co art. 4.5.4, o Uso Educativo poderá ser substituído por calquera outro Uso Dotacional mediante a correspondente tramitación xustificada de modificación de uso, sen que dita substitución teña a consideración de modificación do planeamento.



Concello de Vigo

O Inmable está recollido no Catálogo de Bens Culturais, baixo a denominación Casa do Pescador ou Institución Valeriola, referencia A_041, cun grao de protección Ambiental.

As obras a executar son obras de mantemento da edificación existente polo que son obras permitidas polas ordenanzas de aplicación.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que “non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan

gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución para a **“RENOVACIÓN DAS CUBERTAS DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL - CIIES - DO CONCELLO DE VIGO”**, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS e D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS TRINTA E NOVE MIL CATROCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS con SETENTA E SETE CÉNTIMOS (239.458,77 €) asinado dixitalmente en data 1 de xullo de 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(549).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN MODIFICADO DO POLÍGONO 3 PERI IV-01 SAN ROQUE A. EXPTE. 4719/401.

Visto o acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 09/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/07/2024, asinado pola técnica de administración xeral, a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno de Urbanismo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES E FEITOS

A) Actuacións Administrativas realizadas

Con data do 29.07.2002 o Pleno do Concello de Vigo, acordou prestar aprobación definitiva á “Modificación Puntual núm. 23 do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana” (Exp. 6527/411).

En data 28.07.2004 o Pleno do Concello de Vigo, prestou aprobación definitiva ao PERI IV-01 San Roque, cuxo punto segundo da súa parte dispositiva reza como segue: “(...) Aprobar definitivamente o “PERI IV-01-San Roque A”, de iniciativa municipal, redactado pola Oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo, na súa última versión, de maio de 2004, coa simultánea delimitación de polígonos e áreas de normalización de fincas e fixación de sistemas de actuación contida no mesmo (...)”.(Exp. 8159/411).

O día 24.10.2005 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, prestou aprobación á constitución da Xunta de compensación do polígono 3 do PERI IV 01 San Roque; En data 10.03.2008 a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar definitivamente o Proxecto de compensación (Exp. 4783/401).



Concello de Vigo

Finalmente, con data do 04.08.2008 a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, prestou aprobación con carácter definitivo, ao "Proxecto de urbanización do polígono 3, do PERI IV 01 San Roque A", proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Alberto Moreno García e o arquitecto José Antonio Comesaña García.

Neste estado da tramitación, e trala achega de diversas achegas, dando cumprimento a senllos requirimentos efectuados por esta administración en atención aos informes técnicos que obran no expediente, con datas 06.09.2021 e 07.09.2021 (doc. Núm. 21018828889, 210182895, 210182896, 210182897, 210183214 y 210183215) a Xunta de compensación do Polígono 3 PERI IV-01 SAN ROQUE A , presenta no rexistro electrónico desta XMU, documentación completa do proxecto, axustando o orixinal aprobado as novas normativas; A antedita documentación foi informada favorablemente o 09.09.2021 polo enxeñeiro civil adscrito a oficina de urbanización e infraestruturas.

B) Modificación do Proxecto de urbanización

B.1) Sentados os antecedentes expostos, con data do 30.10.2023 (Cod. Sol.: W988639-5990; Doc. Núm. 230341495) a Xunta de compensación do Polígono 3 PERI IV-01 SAN ROQUE A , insería no Rexistro electrónico desta XMU impreso de solicitude, ao que xunta informe sobre os axustes a realizar na urbanización do polígono de San Roque.

A vista da antedita documentación, con data 09.11.2023 o enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas emite informe técnico, no que conclúe que resulta necesario a tramitación dun proxecto Modificado de urbanización a vista dos cambios producidos.

Con data do 04.03.2024 e 03.04.2024 a Xunta de compensación do Polígono 3 PERI IV-01 SAN ROQUE A , insire no rexistro electrónico desta XMU, documentación técnica consistente no Modificado do proxecto de urbanización do Polígono 3 PERI IV- 01 San Roque, co núm. XMU-240000296,(DOC. Núm. 240075355) e núm. XMU-24000490 (doc. Núm. 240107958), aos efectos da súa tramitación e aprobación.

Examinada a antedita documentación, constan emitidos os seguintes informes técnicos municipais, de carácter favorable, a documentación técnica presentada:

- Informe do Enxeñeiro civil de data 06.03.2024, ao Doc. Núm. 240075355 no que conclúe que, Este nuevo documento presentado, corrige las deficiencias detectadas en el documento antes presentado el 12/01/24 Doc 240019878, deficiencias reflejadas en el informe de 27/02/24, así como los informes emitidos por el departamento de movilidad y de electromecánicos. Este técnico considera que este proyecto modificado da respuesta a las deficiencias planteadas durante la ejecución de las obras, a la normativa vigente, a la seguridad del ámbito y a los equipamientos dispuestos, Por lo tanto, propone que se continúe su tramitación y aprobación.
- Informe da Arquitecta xefa do departamento de Desenvolvemento Urbanístico de data 08.04.2024, ao documento núm. 240107958, do seguinte teor literal,

"(..)O PGOU 1993 vixente delimitou o ámbito PERI IV-01 SAN ROQUE A, o 29/07/2002 o Pleno do Concello acordou a aprobación definitiva da modificación puntual nº 23 do PGOU de 1993 da ficha do Peri e en data 28/06/2004 procedeuse a aprobación definitiva do PERI IV-01 SAN ROQUE A, expte. 8159/411, e, entre outras cousas, tamén aprobaba a simultánea delimitación en catro polígonos para o seu desenvolvemento. O proxecto de urbanización do polígono nº 3, foi aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local o 4/08/2008.

A ordenación do PERI buscaba a integración da nova ordenación coa estrutura tradicional do barrio de Ribadavia, illado no interior do ámbito e co resto da cidade, e conseguir un viario interior axeitado ás

novas necesidades da ordenación. O ámbito presentaba unhas particularidades topográficas e dificultades de partida importantes, en materia de accesibilidade, de aí o seu illamento. A subdivisión de polígonos do plan especial creou unha dependencia entre os polígonos para obter este obxectivo. A vialidade deste polígono se basa nos viarios lonxitudinais perimetrais existentes, na parte inferior, a rúa Vázquez Varela e a rúa Pizarro e, na parte superior, polo viario en proxecto n.º 9 denominado "continuación da rúa Ribadavia" viario categorizado con tráfico rodado. Transversalmente a ordenación resolveuse cun viario de tráfico peonil, e recorridos deseñados con ramplas e complementados con escaleiras. nas zonas con maior dificultade topográfica.

Segundo a memoria do proxecto modificado, durante o ano 2021 e, xusto antes da sinatura da acta de replanteo do 30/09/2021 e inicio das obras, se levaron a cabo axustes no proxecto debido ao tempo transcorrido dende a súa redacción, no ano 2008, aos que posteriormente engadíronse os derivados da execución física das obras de urbanización, debido á topografía real do ámbito, o contacto coas parcelas colindantes, aos derivados dos requirimentos dos servizos municipais de electromecánicos, parques e xardíns, mobilidade e seguridade, que foron documentadas e supervisadas no informe do técnico de infraestruturas de 6/03/2024.

O viario n.º 9 proposto atópase integramente no polígono n.º 1 colindante, que polo momento non vai a desenvolverse, (nin está previsto na futura revisión do PXOM), polo que a vialidade do polígono 3 queda comprometida. Mentres que o acceso rodado aos edificios previstos foi solucionado pola rúa Vázquez Varela co establecemento de servidumes de paso nos sótanos das parcelas edificables, e un acceso ao camión de bombeiros polo parque. Esta solución foi comunicada ao servizo de bombeiros, apesares do tempo transcorrido non consta a resposta, polo que enténdese que non existe impedimento. En canto a accesibilidade peonil, a solución que aporta o proxecto modificado conleva uns recorridos alternativos que poderían resultar discriminatorios pola súa lonxitude, polo que nesta última versión do proxecto optase por unha mellora mais cualificada que é a de establecer unha nova conexión exterior á infraestrutura accesible existente no polígono nº 2, o ascensor ubicado no lateral de Mercadona que da acceso a cuberta transitable do edificio, e que cun tratamento superficial duns 40 m.l. permite a ampliación e conexión dos recorridos accesibles dos dous polígonos, conseguindo non só reducir as lonxitudes dos inicialmente propostos, se non mellorar, a accesibilidade de conxunto e a posta en valor dunha infraestrutura, ao do ascensor, na actualidade infrautilizada.

B.2) Así as cousas, con data do 19.04.2024 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte ACORDO:PRIMEIRO: Prestar aprobación, con carácter inicial ao "Proxecto Modificado de Urbanización do Polígono 3- PERI SAN ROQUE", instrumento urbanístico conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo con data do 04.03.2024 ,(DOC. Núm. 240075355) e 03.04.2024 (doc. Núm. 240107958) , actualizada e refundida, elaborada polos arquitectos J. D. R. R (Colexiado núm. 1104 do COAG) e D. R. Z (Colexiado núm. 1918 do COAG), de data xaneiro de 2024.SEGUNDO: Subsecuentemente e a teor da nova documentación que se incorpora ao expediente e a que se presta aprobación inicial, sométese o mesmo a información pública, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se inserirá no "Boletín Oficial" da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, e nun dos xornais de maior difusión da provincia, computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente no Servizo de información/Rexistro da XMU do Concello de Vigo, en horario de oficina, ou ben a través da sede electrónica e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no polígono e nos sistemas xerais afectos.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos departamentos municipais con competencias na materia, así como as empresas subministradoras Aqualia, Unión Fenosa Distribución, Telefónica de España, R Cable y Telecable Telecomunicacións, e Nedgia, SA. CUARTO: O contido íntegro do instrumento inicialmente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/,](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/) e no Portal de Transparencia.



Concello de Vigo

En cumprimento do acordado, someteuse o expediente con toda a documentación integrante do mesmo, ao preceptivo trámite de información pública, aberto polo prazo de un (1) mes, mediante a publicación dos cadanseus correspondentes anuncios no BOPPO núm. 82 de data 26.04.2024, e nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo de data 26.04.2024) na páxina Web do Concello de Vigo e na Sede electrónica municipal; Asemade, procedeuse a notificación do dito acordo, de xeito individualizado, aos titulares propietarios das parcelas incluídas no polígono e nos sistemas xerais afectos, e así consta acreditado no expediente electrónico de razón.

B.3) Con data do 24.06.2024 a Xefa do rexistro da XMU, estende dilixencia de fin de exposición pública, na que fai constar "(..) Que o "Proxecto de urbanización modificado do polígono 3 PERI IV-01 San Roque A", someteuse ao trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo do 26 de abril de 2024), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 82, do 26 de abril de 2024), na sede electrónica do Concello de Vigo e no Boletín Oficial do Estado (número 123, do 24 de maio de 2024).

Durante o dito prazo presentáronse os seguintes escritos de alegación:

| Data rexistro entrada | Número de documento e código de solicitude | Interesado |
|-----------------------|--|--|
| 27/05/2024 | 240161391 | Alejandro Blanco Fernández, representante de Josefa Villegas Fernández |

En base a mesma, con data do 25.06.2024 o Secretario da XMU, expide certificación co visto e prace da Concelleira delegada da área de urbanismo e vivenda, do seguinte teor literal,

"(..) Que, durante o período de información pública do expediente núm. 4719/401, do "Proxecto de urbanización modificado do polígono 3 PERI IV-01 San Roque A", aberto polo prazo dun (1) mes, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo do 26 de abril de 2024), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 82, do 26 de abril de 2024), na sede electrónica do Concello de Vigo e no Boletín Oficial do Estado (número 123, do 24 de maio de 2024), segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente, en data do 24 de xuño de 2024, polo Xefe dos Servizos Centrais da XMU, presentáronse os seguintes escritos de alegación:

| Data rexistro entrada | Número de documento e código de solicitude | Interesado |
|-----------------------|--|--|
| 27/05/2024 | 240161391 | Alejandro Blanco Fernández, representante de Josefa Villegas Fernández |

B.4) Mediante oficio do Xerente de urbanismo de data 25.06.2024 (Not. Núm. 7746-2024) déuselle traslado a entidade promotora, do certificado de fin de exposición pública e do referido escrito de alegación presentado.

En contestación ao ofiado, con data 25.06.2024 (Doc. Núm. 240206700 e Cod.Sol.:W 1126688-8150) a Xunta de compensación do polígono 3 do PERI SAN ROQUE, insire no rexistro electrónico desta XMU informe de contestación a alegación achegada no respectivo período de información pública, asinado por José Luís Sánchez, na súa calidade de Presidente da Xunta de Compensación, do que se extracta a continuación as manifestacións nel efectuadas:

PRIMERA.- Alegaciones formuladas por Doña Josefa Villegas Fernández:

La alegación expone, en síntesis, las siguientes consideraciones:

a) En primer lugar realiza una brevísimas exposición sobre una serie de antecedentes urbanísticos y de propiedad (párrafos 1º a 4º).

Sin perjuicio de que la exposición de los hechos no sea rigurosa por parte de la alegante, consideramos que, en la medida en nada se refieren al Proyecto Modificado de Urbanización, no son susceptibles de afectar al documento expuesto al público ni a tramitación.

b) En el segundo bloque de la alegación (párrafos 5º a 7º) Doña Josefa Villegas manifiesta que el Modificado del Proyecto de Urbanización aprobado inicialmente recoge determinaciones no previstas en el Proyecto de Urbanización aprobado definitivamente.

A este respecto, solamente cabe manifestar que efectivamente se han incorporado determinaciones en el nuevo documento, pues de no ser así, no habría sido necesario tramitar su modificado; pero todas las novedades experimentadas respecto al documento anterior, tal y como consta a este Ayuntamiento, se han introducido de forma justificada y acorde con el objeto de un proyecto de urbanización.

El mero hecho de que se introduzcan cambios en el Modificado del Proyecto de Urbanización no constituye motivo de oposición al mismo, y la alegante en ningún caso justifica cuáles son los aspectos concretos que considera 2

deben ser subsanados, por lo que la alegación consideramos no puede ser atendida.

Respecto a las manifestaciones realizadas sobre el funcionamiento de la junta de compensación, nula virtualidad presentan para el trámite de exposición pública del Modificado del Proyecto de Urbanización que nos ocupa; no obstante, no podemos dejar de señalar que el funcionamiento de la Junta de Compensación siempre se ha ajustado a sus estatutos y a la normativa urbanística de aplicación, y que en cualquier caso sus acuerdos son susceptibles de recurso ante este Ayuntamiento.

c) En los párrafos 8º a 9º la alegación contiene una serie de manifestaciones sobre cantidades satisfechas que en modo alguno acredita, y que cuando menos carecen del rigor exigible. Ninguna de ellas afectan al Modificado del Proyecto de Urbanización.

Tampoco se encuentra encaje en el presente trámite a la mención al procedimiento judicial de extinción del condominio.

En cualquier caso, dado el contenido de las manifestaciones realizadas no procede realizar un análisis exhaustivo de las mismas, toda vez lo que resulta evidente es que nada tienen que ver con el Modificado del Proyecto de Urbanización expuesto al público, por lo que en ningún caso pueden resultar atendidas.

d) Finalmente realiza la alegante una reflexión genérica sobre la justa distribución de beneficios y cargas urbanísticas que en modo alguno se concreta sobre algún aspecto del Modificado del Proyecto de Urbanización sometido a exposición pública, por lo que consideramos tampoco puede ser estimada.

*Finalmente solo resta señalar que, de conformidad con el artículo 96.1 de la Ley 2/2016 del Suelo de Galicia “Los proyectos de urbanización son proyectos de obras que tienen por finalidad ejecutar los servicios y las dotaciones establecidas en el planeamiento”, por lo que a la vista del contenido de las alegaciones formuladas por Doña Josefa Villegas, tal y como se ha expuesto, ninguna de ellas se refiere al contenido del documento que se expuso al público, sino de cuestiones ajenas al mismo, **por lo que consideramos deben ser íntegramente desestimadas.***

B.5) Dado o marcado carácter técnico da alegación achegada, con data do 26.06.2024 o enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas, emite informe, do seguinte teor literal:

“(..)Una vez finalizado el plazo de exposición pública del PROYECTO MODIFICADO DE URBANIZACIÓN POLIGONO 3 PERI SAN ROQUE, se ha presentado una alegación Doc. 240161391 a nombra de Doña Josefa Villegas Fernández, esta ha sido trasladada a la Junta de Compensación



Concello de Vigo

del POLIGONO 3 PERI IV- 01 SAN ROQUE, la cual, a nombre de su presidente Don José Luis Sánchez Paz ha dado contestación a la misma.

Una vez examinados los escritos de alegación y de su contestación por parte de la Junta, cabe manifestar lo siguiente:

Sobre los antecedentes de la gestión urbanística del ámbito y la relación entre Junteros, no procede contestar, por ser estos ajenos al proyecto modificado que se tramita para su aprobación.

Sobre los cambios que se incorporan en el proyecto, ya constan en el expediente, informes en los que se pone de manifiesto la necesidad de que estos sean introducidos, motivo por el cual se tramita este proyecto modificado.

La inclusión de la pista deportiva es un cambio introducido en el proyecto, dado que el proyecto original contemplaba unos juegos infantiles, instalaciones que ya existen en el polígono vecino del mismo PERI, por lo que este ayuntamiento propuso la sustitución de estos juegos por la pista deportiva (que no existía en el PERI), propuesta que fue aceptada por la dirección de obra de la urbanización, esta pista es pues un cambio de la tipología de los juegos de la zona deportiva, no una inclusión de nuevos elementos.

Los muros de contención introducidos en el contacto del ámbito del proyecto con el resto de polígonos, no estaban incluidos en el proyecto original, pues en su aprobación, se desconocía el orden de ejecución de los distintos polígonos, por lo que no se estudiaron los desniveles en los contactos con los mismos, este ayuntamiento no puede recibir espacios urbanizados que presenten o generen inestabilidades en terrenos públicos o en suelos colindantes, por lo que se exigió su inclusión, estos cambios son provocados por las condiciones de contorno de las obras por lo que se incluyen en este proyecto modificado, no como un capricho, sino como una actuación encaminada a garantizar la seguridad estructural de los terrenos.

Sobre la inclusión en el proyecto de nuevos accesos, cabe mencionar que los accesos contemplados en el proyecto son los mismos, dado que son los contactos con la calle Vásquez Varela y el polígono 4, lo que se ha incluido en el Proyecto Modificado es una adaptación de las rasantes para cumplir con la actual normativa en materia de Accesibilidad, modificación que no implica sobre-costes de urbanización y también se pavimenta un acceso preexistente, por se este el que contacta de una manera mas directa con el ascensor existente en c/ Pizarro, el cual, de estar pavimentado hace que el ámbito encaje en el marco normativo.

Respecto del incremento presupuestario del proyecto Modificado, cabe mencionar que se trata de un desarrollo de iniciativa privada, por lo que el conste de las obras debe ser asumido por la junta de compensación.

*Por lo expuesto, **este técnico considera que la alegación presentada debe ser desestimada en su totalidad.***

FUNDAMENTOS DE DEREITO/VALORACIÓN JURÍDICA

I. Normativa examinada

- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana,
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)

- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013),
- O resto da disposicións que poidan afectar,

II.- Modificación do Proxecto de urbanización. Motivación e suficiencia da documentación

Na memoria descritiva do proxecto modificado achegado, xustifícase polo miúdo os motivos que dan lugar ao presente acordo, e no que a modo de resumo, conclúen que, resultan sobrevidas con ocasión da execución das obras.

Ditas causas/ motivos, reflíctense nos informes técnicos municipais supra relacionados nos antecedentes de feitos, e a cuxo contido nos remitimos.

O proxecto modificado integrase polos seguintes documentos: Memoria: Memoria descritiva, Anexos a Memoria, Planos, Prego de Condicións, Medicións e Presuposto.

Dito extremo, verbo da suficiencia da documentación achegada, se contén nos informe técnicos incorporados ao expediente dixital de razón, de datas 06.03.2024 e 08.04.2024 (trámites 351 e 366).

Pola súa banda, e no que respecta a contestación a alegación presentada no período de información pública, consta presentado informe da entidade promotora de data 25.06.2024, no que se propón a súa desestimación total; así como a emisión de informe técnico municipal asinado polo enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas en data 25.06.2024, propondo do mesmo xeito a súa desestimación total, polos motivos que nos referidos informes se conteñen, do xeito e co resultado que se indicou nas alíneas precedentes.

III.- Tramitación

Tal e como se indicou no expositivo, a observancia dos principios de brevidade e subsidiariedade administrativa comporta que se reiteren as consideracións contidas neste apartado no informe proposta que deu lugar á aprobación definitiva do proxecto de urbanización, do que devén o presente modificado.

No concernente á tramitación dos proxectos de urbanización así como as súas modificacións, o artigo 96.3 da LSG e en similares termos o artigo 226 do RLSG, determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes, mediante anuncio que se inserirá no Boletín oficial da Provincia, nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados, -do xeito e co resultado que se indicou no relato de feitos do presente.

En puridade o documento en exame alberga prescricións que determinan condicións e termos para a máis doada execución das obras.

IV.- Órgano competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade cos informes técnicos incorporados ao expediente de datas 06.03.2024 , 08.04.2024 e 26.06.2024, que se incorporan ao texto da presente proposta e que lle serve de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,



Concello de Vigo

ACORDO:

PRIMEIRO.: Desestimar integramente a alegación presentada en data 27.05.2024 (Doc. Núm. 240161391), en base e de conformidade co disposto no corpo do presente informe.

SEGUNDO.: Prestar aprobación, con carácter definitivo ao « Proxecto Modificado de Urbanización do Polígono 3- PERI SAN ROQUE», instrumento urbanístico conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo con data do 04.03.2024,(Doc. Núm. 240075355) e 03.04.2024 (Doc. Núm. 240107958), actualizada e refundida, elaborada polos arquitectos J. D. R. R (Colexiado núm. 1104 do COAG) e D. R. Z (Colexiado núm. 1918 do COAG), de data xaneiro de 2024; así como, polo informe de contestación á alegación presentada no período de información pública asinado por J.L.S.P, de data 25.06.2024 (Doc. Núm. 240206700).

TERCEIRO.: O contido íntegro do proxecto definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal, no apartado de planeamento de desenvolvemento aprobado, e no Portal de Transparencia.

CUARTO.: Notificar individualmente o presente acordo a todos os interesados no presente procedemento.

QUINTO.: Dar traslado do acordado aos departamentos municipais con competencias na materia, así como as empresas subministradoras Aqualia, Unión Fenosa Distribución, Telefónica de España, R Cable y Telecable Telecomunicaciones, e Nedgia, SA.

SEXTO.: Perante o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo de un (1) mes dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses, de conformidade co establecido nos artigos 10,14, e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(550).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez